

## **RELACIÓN DE ACORDOS ADOPTADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA NA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DO 25 DE MARZO DE 2011.**

### **Actas**

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 2/11, do 25 de febreiro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 2.801 á nº 4.900, de 2011.

### **Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos**

3.-Aprobación da solicitude de axudas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) período 2007-2013, convocatoria 2011 que afecta o período 2011-2013, para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano.

4.-Aprobación da segunda fase da anualidade 2011 do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011.

5.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Renov. servizos e pav. Avda. Coruña 1ª F” do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS), anualidade 2009, co código: 09.2100.0222.0.

6.-Aprobación da modificación do proxecto da obra “Acc. Campo fútbol Saa, mell. beir. Menéndez Pelayo” do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS). Adicional 2/2009, co código 09.2102.0419.0.

7.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Pavimentación rúa Rego do Campo” do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) anualidade 2010, co código 10.2100.0188.0.

8.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Pav. e control acceso r/Vila de Mugarbos e r/ Real” do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) anualidade 2010, co código 10.2100.0190.0.

9.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Recuperación fontes e contorna Quenxe”, do Concello de Corcubión, incluída na 3ª fase do Plan de cooperación cos concellos (PCC) anualidade 2009. Código: 09.3300.0107.0.

10.-Aprobación da modificación do proxecto da obra “Pav. vías Perbes, Leiro, S. Xoán de Vilanova e ou.”, do Concello de Miño, incluída no Plan de obras e servizos (POS) 2010. Código: 10.2100.0122.0.

11.-Aprobación da modificación do proxecto da obra “Ampliación da rede municipal de abastecemento de auga a Vilarón, Os Picos, O Pazo e Gunxel” do Concello da Capela incluída no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2011. Código: 11.3300.0199.0.

### **Comisión de Infraestructuras Viarias: vías e obras provinciais**

12.-Aprobación do Plan de vías provinciais 2011 quinta fase, integrado polo proxecto: ensanche e mellora sobre o río Te na DP 7203 de Taragoña a Pazo no P.Q. 1+180 Rianxo (1111100006.0).

13.-Aprobación do Plan de vías provinciais 2011, cuarta fase, integrado polo proxecto: construción da glorieta no cruzamento de Vilar na DP 7305 Ribeira (1111100005.0).

14.-Aprobación do Plan de sendas peonís 2011, segunda fase, integrado polo proxecto: mellora da seguridade viaria na DP 1105 Noia a Cabo de Cruz-construción de sendas peonís P.Q. 7+230 a 7+930 (Moimenta) e do P.Q. 11+170 ao 11+980 (Comoxo) Boiro 1111700002.0.

15.-Aprobación inicial do Plan de travesías 2011, 2ª fase, integrado polo proxecto: proxecto de mellora de pavimento e servizos na travesía da Picota DP 3404 de Serra de Outes a Dumbria (Mazaricos). 1111300002.0.

16.-Aprobación técnica do Programa de vías provinciais 2009-2011 integrado polos proxectos: actualización do proxecto DP 5401 Narón ao Val por Castro (Ensanche e modificado) (Narón). Someter a información pública o expediente expropiatorio para a execución das obras mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

17.-Aprobación do Plan de sendas peonís 2011, primeira fase, integrado polo proxecto: senda peonil en Présaras na estrada 3205 (Vilasantar) 111170001.0.

18.-Aprobación do expediente de mutación demanial subxectiva e transferir a titularidade dos terreos necesarios para a execución da obra incluída no proxecto Formación de pluviais na estrada, formación de senda peonil e canalización de pluviais na estrada EP 7508 Castelo a Meirás ao seu paso polo núcleo de Meirás. Concello de Sada. Formalización co Concello de Sada das correspondentes actas de entrega e recepción que perfeccionarán o cambio de destino dos bens. Dar de baixa no inventario de bens da Deputación Provincial da Coruña os citados bens.

19.-Aprobación técnica do Programa de vías provinciais 2009-2011, integrado polo proxecto: Ampliación e mellora do trazado da DP 0906 do P.Q. 19+800 ao 22+980 (Betanzos). Solicitarlle á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación.

20.-Aprobación técnica do Programa de vías provinciais 2009-2011, integrado polo proxecto: ampliación e mellora de trazado da DP 0906 do PK 17+460 ao 19+800 (Paderne). Solicitarlle á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación.

21.-Aprobación do Plan de travesías 2008, 1ª fase, 6ª relación, integrado polo proxecto: mellora da seguridade na DP 0106 de Ameás a Oza dos Ríos, P.Q. 3+430 ao P.Q. 4+060 Abegondo (0811300016.0).

### **Comisión de Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento**

22.-Aprobación da 2ª fase da anualidade 2011 do proxecto Mandeo cofinanciado con fondos FEDER.

23.-Aprobación do Plan de reinvestimento de remanentes da PAC-2, anualidade 2011.

24.-Modificación do acordo plenario do 25/02/2011 relativo á aprobación da modificación do modelo tipo do convenio de colaboración cos concellos da provincia que instrumenten a concesión de subvencións nominativas para financiar a adquisición de inmobles.

25.-Aprobación do convenio co Concello de Bergondo para financiar a reparación da iluminación pública da estrada AC161 ao seu paso por Carrio.

26.-Aprobación do convenio co Concello de Ares para financiar as obras de construción de dúas pistas de pádel na cidade deportiva do Concello de Ares.

27.-Aprobación do convenio coa Organización de Estados Iberoamericanos para a educación, a ciencia e a cultura OEI para o cofinancimento do proxecto de cooperación internacional ao desenvolvemento denominado “A práctica pedagóxica en contornas innovadoras de aprendizaxe-Uruguai”.

28.-Aprobación da prórroga do Plan de pensións.

#### **Comisión de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico**

29.-Convenio coa Asociación de Prensa da Coruña para financiar o proxecto “Estudo do nome das rúas. Xornalistas nas rúas de Ferrol”.

30.-Convenio co Concello da Coruña para financiar o Programa A CoruñaCultura 2011.

31.-Convenio co Concello de Culleredo para financiar o Programa de actividades nos museos municipais no ano 2011.

32.-Convenio coa Fundación Paideia Galiza para promoción musical de bandas, corais e grupos de cámara: Programa Outra+Outra 2011.

33.-Convenio co Concello de Porto do Son para financiar o Programa de actividades do Centro de Interpretación do Castro de Baroña no ano 2011.

#### **Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas**

34.-Aceptación da ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Cariño en materia de recadación en período executivo de tributos, prezos públicos e calquera outro ingreso público de carácter non periódico ou de periodicidade inferior ao ano.

35.-Aceptación da ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Carnota en materia de xestión, inspección e recadación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais.

36.-Aceptación da ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Laxe en materia de xestión, inspección e recadación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas.

37.-Aceptación da ampliación das delegacións das competencias tributarias do Concello de Toques en materia de xestión, inspección e recadación da taxa por aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas.

38.-Bases para a prestación de servizos en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria e da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais aos concellos que non teñan delegada a xestión tributaria e a recadación dos impostos municipais obrigatorios.

39.-Expediente de modificación de créditos nº 2/2011.

40.-Modificación das subvencións nominativas recollidas na base 49 das de execución do orzamento 2011.

41.-Presentación do proxecto REDEXIANA 2 como solicitude provincial á convocatoria 2011 para a concesión das axudas do Fondo Social Europeo durante o período de intervención 2007-2013, efectuada polo Ministerio de Política Territorial e Administración Pública.

ACTUACIÓN DE CONTROL  
MOCIÓN

-Proposición da Presidencia sobre a aprobación do proxecto reformado do proxecto básico e de execución das edificacións no ámbito do dolmen do Dombate.

ROGOS E PREGUNTAS

**1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 2/11, DO 25 DE FEBREIRO.**

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 2/11, do 25 de febreiro.

**2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA N° 2.801 Á N° 4.900, DE 2011.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da n° 2.801 á n° 4.900, de 2011.

### **3.-APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE AXUDAS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) PERÍODO 2007-2013, CONVOCATORIA 2011 QUE AFECTA O PERÍODO 2011-2013, PARA COFINANCIAR PROXECTOS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E URBANO.**

Vistas as Bases reguladoras da convocatoria 2011, que afecta ao período 2011-2013, de axudas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) para cofinanciar os proxectos de desenvolvemento local e urbano durante o período de intervención 2007-2013, aprobadas mediante a Resolución do 18 de febreiro de 2011 do secretario de estado de Cooperación Territorial e publicadas no BOE nº 46 do 23 de febreiro de 2011.

Vista a memoria do proxecto denominado "Promoción da eficiencia, o aforro e a calidade enerxética en servizos públicos municipais" (PEACE) 2011-2013

1.- Solicitar axuda FEDER para o proxecto denominado "Promoción da eficiencia, o aforro e a calidade enerxética en servizos públicos municipais" (PEACE) 2011-2013, polo importe que máis abaixo se detalla, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), período 2007-2013, convocatoria 2011 que afecta o período 2011-2013, prevista no correspondente Programa operativo rexional de Galicia, dirixido á categoría de gasto "Proxectos integrais de rexeneración urbana e rural" do eixo 5: desenvolvemento local e urbano, de acordo co financiamento que se especifica:

Promoción da eficiencia, aforro e a calidade enerxética en servizos públicos municipais	PEACE
---	-------

	2011	2012	2013	TOTAL
70% FEDER	1.120.000,00	3.570.000,00	2.310.000,00	7.000.000,00
30% DEPUTACIÓN	480.000,00	1.530.000,00	990.000,00	3.000.000,00
TOTAL	1.600.000,00	5.100.000,00	3.300.000,00	10.000.000,00

2.- Aprobar a memoria do proxecto PEACE 2011-2013, co seu orzamento total de 10.000.000,00 €.

3.- Declarar que esta Deputación non solicitou nin ten concedidas axudas para esta mesma finalidade procedentes doutras administracións públicas nin de entidades privadas.

4.- Declarar que no orzamento provincial para o exercicio 2011 vaise consignar a través do expediente de modificación de créditos 2/2011 a cantidade de 1.000.000,00 €, na partida 0501/425D/650 do vixente orzamento provincial.

A Deputación comprométese a consignar nas anualidades 2012 e 2013 os créditos necesarios para financiar o importe da achega provincial nas devanditas anualidades

para o proxecto Peace 2011-2013

5.- Comprometerse ao cumprimento dos requisitos ambientais previos á execución do proxecto, especialmente no referido a avaliacións ambientais e afectación de zonas Rede Natura 2000.

6.- Facultar ao presidente desta Deputación para a execución e desenvolvemento de todo o relacionado coa execución do presente acordo.

#### **4.-APROBACIÓN DA SEGUNDA FASE DA ANUALIDADE 2011 DO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008-2011.**

Vistos os proxectos e demais documentación presentados polos concellos da provincia destinatarios do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011, cuxas bases reguladoras foron aprobadas mediante o acordo plenario do 30 de maio de 2008 e publicadas no BOP nº 128 do 5 de xuño do 2008, modificadas mediante o acordo plenario do 25 do xuño de 2010 e publicadas no BOP nº121 do 29 de xuño de 2010.

1.- Aprobar a 2ª fase da anualidade 2011 do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011 cuxas cifras globais do financiamento son as que se indican a continuación, e cuxa relación de obras figura no [anexo I](#) a este acordo.

Non obstante, a aprobación definitiva dalgunhas obras queda condicionada ao cumprimento da condición que para cada unha delas se indica no citado anexo I.

Nº de obras	7
Nº de Concellos	5

FINANCIAMENTO	
Achega municipal	193.316,80
Achega Deputación (Deputación fondos propios)	1.212.507,20
Total	1.405.824,00

O financiamento da achega provincial realízase con cargo á partida 0501/459D/76201 do vixente presuposto provincial para o exercicio 2011.

A aprobación definitiva deste expediente queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 1/2011, no que se inclúe o crédito suficiente para o financiamento da achega provincial a este plan.

2.- Aprobar os correspondentes proxectos.

3.- Aprobar a modificación do Plan complementario á anualidade 2011 do PCC, que fora aprobado mediante o acordo plenario do 25 de febreiro de 2011 no expediente da 1ª fase da anualidade 2011 do PCC 2011, no sentido de incluír dúas obras dos concellos das Pontes e Sada que por erro non se incluíran, e en eliminar as actuacións que xa se inclúen nesta 2ª fase do PCC 2011.

Neste plan complementario inclúense as obras que se relacionan no [anexo II](#) a este acordo, que están pendentes de corrixir ou completar documentación, ou de que se xeren efectivamente os remanentes por baixas de licitación ou anulacións de obras. Estas obras incluídas no plan complementario teñen carácter de programación de actuacións e non se poderán aprobar definitivamente ata que estean correctas e

completas ou se xeren os devanditos remanentes.

4.- A contratación e execución das obras realizarana os concellos de acordo coas instrucións que figuran nas bases 7, 8 e 9 das reguladoras do plan.

5.- Dispor a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no BOP para os efectos de que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

6.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida na Lei de administración Local de Galicia.

7.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión para informe, sen que se presenten reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobado o plan.

**PCC- PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2008/2011**

**2ª Fase da anualidade 2011**

**Anexo 1: Obras da 2ª fase anualidade 2011 do Plan de cooperación provincial (PCC) 2008/2011**

CONCELLO	Código de obra	DENOMINACIÓN	PRESUPUESTO CALCULADO CO 18% IVE			CONDICIÓN
			DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL	
BETANZOS	11. 3300. 0247. 0.	PAV. E RENOVACIÓN SERVIZOS EN RÚA MANDEO	147.631,15	26.052,55	173.683,70	
		<b>TOTAL</b>	<b>147.631,15</b>	<b>26.052,55</b>	<b>173.683,70</b>	
MUXÍA	11. 3300. 0248. 0.	MELLORA REDE SEPARATIVA DE SANEAM. RÚA PEDRIÑA	38.792,81	25.861,88	64.654,69	
	11. 3300. 0249. 0.	ADUCIÓN. ABAST.QUINTÁNS, VILAR,OZÓN, S. MARTIÑO	5.477,75	33.186,11	38.663,86	Acreditación da obtención da autorización de Augas de Galicia que ratifique a proposta inicial favorable
		<b>TOTAL</b>	<b>44.270,56</b>	<b>59.047,99</b>	<b>103.318,55</b>	
ORTIGUEIRA	11. 3300. 0250. 0.	SUBST. REDE AVDA. E TRAV. DE CUBA, XERAL FRANCO	142.388,36	16.777,02	159.165,38	
	11. 3300. 0251. 0.	AMPL. REDE SAN. AC.862 PARRQ.SAN CLAUDIO	212.791,69	23.199,09	235.990,78	Acreditación da obtención da autorización de Augas de Galicia que ratifique o informe favorable
		<b>TOTAL</b>	<b>355.180,05</b>	<b>39.976,11</b>	<b>395.156,16</b>	
PADRÓN	11. 3300. 0252. 0.	SANEAM. E DEPURACIÓN EN CARCACÍA	477.545,20	52.063,20	529.608,40	
		<b>TOTAL</b>	<b>477.545,20</b>	<b>52.063,20</b>	<b>529.608,40</b>	
SOMOZAS AS	11. 3300. 0253. 0.	AMPL. ABAST. POLÍGONO INDUSTRIAL AS SOMOZAS	187.880,24	16.176,95	204.057,19	Acreditación da obtención da autorización de Augas de Galicia que ratifique o informe de viabilidade favorable
		<b>TOTAL</b>	<b>187.880,24</b>	<b>16.176,95</b>	<b>204.057,19</b>	
		<b>TOTAL</b>	<b>1.212.507,20</b>	<b>193.316,80</b>	<b>1.405.824,00</b>	
		<b>TOTAL CONCELLOS</b>	<b>5</b>			
		<b>TOTAL OBRAS</b>	<b>7</b>			

**PCC- PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2008/2011**

**Anexo II : Plan complementario á anualidade 2011 do Plan de Cooperación Provincial (PCC)  
2008/2011**

Revisado en marzo de 2011 para incluír dúas obras dos concellos das Pontes de García Rodríguez e Sada e eliminar as obras que se inclúen na 2ª fase do PCC 2011

CONCELLO	DENOMINACIÓN	DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL
ABEGONDO	SANEAM. . EN CULLERGONDO E SUANZO	168.530,78	25.377,81	193.908,59
		<b>168.530,78</b>	<b>25.377,81</b>	<b>193.908,59</b>
ARANGA	AMPLIAC. CONDUCCIÓN AUGA EN TRAGALLÍA			30.053,36
				<b>30.053,36</b>
CABANAS	SANEAM. EN S. MARTIÑO DE PORTO			78.104,66
				<b>78.104,66</b>
CEE	SANEAMENTO EN PORCAR			104.979,38
				<b>104.979,38</b>
FENE	RENOV. REDE DISTRIB. AVDA. PORTA DO SOL	164.227,01	28.405,07	192.632,08
		<b>164.227,01</b>	<b>28.405,07</b>	<b>192.632,08</b>
MALPICA DE B.	SANEAM.. PARROQUIAS BUÑO,CAMBRE E CERQUEDA 1ªF			199.962,05
				<b>199.962,05</b>
MELIDE	REDE PLUVIAIS AVDA. COMPOSTELA			38.189,57
	REDE PLUVIAIS NA PRAZA DO INSTITUTO E OUTROS			36.393,34
				<b>74.582,91</b>
NEGREIRA	ABAST. EN COBAS, LANDEIRA E SAN MARTIÑO	125.999,99	14.000,00	139.999,99
		<b>125.999,99</b>	<b>14.000,00</b>	<b>139.999,99</b>
OROSO	ABAST.AUGA VILACIDE-BERDOMAS E SANEAM... OROSO	290.941,56	32.326,84	323.268,40
		<b>290.941,56</b>	<b>32.326,84</b>	<b>323.268,40</b>
PONTES (AS)	SANEAM. O NARÓN, A CUIÑA, GOENTE	102.701,90	18.123,87	120.825,77
	REHAB. PARA CENTRO SOCIAL EN S.PEDRO DE EUME	102.210,04	18.037,07	120.247,11
	REP.SERV.ABAST.,SAN. POBOADO MADALENA, 6-F			38.951,21
		<b>204.911,94</b>	<b>36.160,94</b>	<b>280.024,09</b>

SADA	PLUV.,SUMIDOIROS E OUT. CM.VALEXA A CIRRO			30.871,89
				<b>30.871,89</b>
TEO	PLANTA DE DEPURACIÓN BIOLÓXICA NO RÍO SESTELO	86.917,17	21.270,87	108.188,04
		<b>86.917,17</b>	<b>21.270,87</b>	<b>108.188,04</b>
VALDOVIÑO	ESTAC. BOMBEO EN ESTRADA PONTE DO MUÍÑO	57.538,33	6.393,15	63.931,48
	POZO PARA BALEIRADO- DECANTAC.FOSA EDAR VALDOVIÑO	40.042,47	4.449,16	44.491,63
	AUMENTO POTENCIA DEPURADORA VALDOVIÑO	49.790,01	123.224,43	173.014,44
		<b>147.370,81</b>	<b>134.066,74</b>	<b>281.437,55</b>
CARIÑO	REDE SUMIDO. NA PARROQUIA DE LANDOI 1ªF	154.097,78	8.110,41	162.208,19
	IMPULSIÓN SANEAMENTO FIGUEROA E SISMUNDI	0,00	0,00	0,00
		<b>154.097,78</b>	<b>8.110,41</b>	<b>162.208,19</b>
	<b>NÚMERO DE OBRAS</b>	<b>20</b>		
	<b>NÚMERO DE CONCELLOS</b>	<b>14</b>		

**5.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “RENOV. SERVIZOS E PAV. AVDA. CORUÑA 1ª F” DO CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS), ANUALIDADE 2009, CO CÓDIGO: 09.2100.0222.0.**

Aprobar o proxecto reformado da obra “Renov. servizos e pav. avda. Coruña 1ª F” do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS), anualidade 2009, co código: 09.2100.0222.0, que aínda sen alterar a finalidade nin as características básicas do proxecto orixinal, implica un incremento no seu presuposto, tal e como se indica, que é financiado integramente polo concello, permanecendo invariable a achega da Deputación, sen prexuízo da posterior aplicación do incremento do IVE do 16% ao 18% como consecuencia do disposto no artigo 79 de Lei 26/2009, do 23 de decembro, que modifica o tipo impositivo do IVE con efectos do 1 de xullo de 2010, e de conformidade co acordado polo Pleno na sesión do 26 de marzo de 2010, en virtude do cal a Deputación financiará o incremento do IVE correspondente ao proxecto inicialmente aprobado, sendo a costa do Concello o incremento do IVE correspondente ao proxecto reformado.

<b>09.2100.0222.0 Renov. servizos e pav. avda. Coruña 1ª F (As Pontes de García Rodríguez)</b>				
<b>Axentes cofinanciadores</b>	<b>Proxecto inicial 16% IVE</b>	<b>Proxecto Reformado 16% IVE</b>	<b>Incremento 16% IVE</b>	<b>Incremento 18% IVE</b>
Deputación f.p.	107.300,45	107.300,45	0	
Deputación préstamo	58.133,48	58.133,48	0	
Concello	8.870,94	39.402,50	30.531,56	31.057,97
TOTAL	174.304,87	204.836,43	30.531,56	31.057,97

**6.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “ACC. CAMPO FÚTBOL SAA, MELL. BEIR. MENÉNDEZ PELAYO” DO CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS). ADICIONAL 2/2009, CO CÓDIGO 09.2102.0419.0.**

Aprobar a modificación do proxecto da obra “Acc. Campo fútb. Sa., mell. Acr. Menéndez Pelayo” do concello das Pontes de García Rodríguez incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) Adicional 2/2009, co código: 09.2102.0419.0, que supón unha diminución do presuposto total da obra.

09.2102.0419.0		Acc. Campo fútb. Saa, mell. beir. Menéndez Pelayo (As Pontes de García Rodríguez)		
<u>Axentes cofinanciadores</u>	<u>Proxecto inicial IVE 16%</u>	<u>Proxecto inicial IVE 18%</u>	<u>Proxecto Reformado IVE 18%</u>	<u>Diferenza</u>
Deputación f.p.	20.059,16	21.372,86	20.059,16	-1.313,70
Concello	56.135,21	56.135,21	28.518,41	-27.616,80
TOTAL	76.194,37	77.508,07	48.577,57	-28.930,50

A aprobación definitiva deste expediente queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 1/2011 no que se inclúe, na partida 0501/459A/76201, o crédito suficiente para financiar a achega provincial desta obra.

**7.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “PAVIMENTACIÓN RÚA REGO DO CAMPO” DO CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) ANUALIDADE 2010, CO CÓDIGO 10.2100.0188.0.**

Aprobar o proxecto reformado da obra “Pavimentación da rúa Rego do Campo” do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS), anualidade 2010, co código: 10.2100.0188, que implica un incremento no seu presuposto tal e como se indica, que é financiado integramente polo concello, permanecendo invariables as achegas da Deputación e do Estado

<b>10.2100.0188.0</b>		<b>Pavimentación rúa Rego do Campo (As Pontes de García Rodríguez)</b>		
<b>Axentes cofinanciadores</b>	<b>Proxecto inicial</b>	<b>Proxecto Reformado</b>	<b>Diferenza</b>	
Deputación f.p.	44.069,15	44.069,15	0	
Deputación préstamo	42.641,48	42.641,48	0	
Estado	21.252,24	21.252,24	0	
Concello	5.580,97	24.163,56	18.582,59	
TOTAL	113.543,84	132.126,43	18.582,59	

**8.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “PAV. E CONTROL ACCESO R/VILA DE MUGARDOS E R/ REAL” DO CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) ANUALIDADE 2010, CO CÓDIGO 10.2100.0190.0.**

Aprobar o proxecto reformado da obra “Pav. e control acceso R/Vila de Mugardos e R/Real” do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) anualidade 2010, co código: 10.2100.0190.0, que nin supón unha modificación do presuposto total da obra, nin unha alteración da finalidade ou do obxecto desta, pero implica unha alteración interna nas súas partidas superior ao 30% do seu presuposto de execución material.

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<b>Datos co 18% de IVE</b>		
			<u>Deputación Fondos propios</u>	<u>Concello.</u>	<u>Orzamento Total</u>
10.2100.0190.0	As Pontes	Pav. e control acceso R/Vila de Mugardos e R/Real	81.133,72	4.194,08	85.327,80

**9.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “RECUPERACIÓN FONTES E CONTORNA QUENXE”, DO CONCELLO DE CORCUBIÓN, INCLUÍDA NA 3ª FASE DO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) ANUALIDADE 2009. CÓDIGO: 09.3300.0107.0.**

Aprobar o proxecto reformado da obra "Recuperación de fontes e contorna de Quenxe" (código: 09.3300.0107.0) do Concello de Corcubión, incluída na 3ª fase da anualidade 2009 do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008/2011, cun orzamento de contrata de 150.444,92 €, que nin supón unha modificación do presuposto total da obra, nin unha alteración da finalidade ou do obxecto da obra, pero implica unha alteración interna nas súas partidas superior ao 30% do orzamento total da obra, todo isto sen prexuízo da posterior aplicación do incremento do IVE do 16% ao 18%, como consecuencia da modificación deste tipo impositivo que entrou en vigor o 1 de xullo de 2010 e de conformidade co acordado polo Pleno na sesión do 26 de marzo de 2010, en virtude do cal a Deputación financiará o incremento do IVE correspondente ao proxecto inicialmente aprobado.

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación E.propios</u>	<u>Concello</u>	<u>Orzamento Total</u>
09.3300.0107.0	Corcubión	Recuperación fontes e contorna Quenxe	142.922,67	7.522,25	150.444,92

A aprobación definitiva deste expediente queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 1/2011 no que se inclúe, na partida 0501/459D/76201, o crédito suficiente para financiar a achega provincial desta obra.

**10.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “PAV. VÍAS PERBES, LEIRO, S. XOÁN DE VILANOVA E OU.”, DO CONCELLO DE MIÑO, INCLUÍDA NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) 2010. CÓDIGO: 10.2100.0122.0.**

1.- Aprobar a modificación do proxecto da obra “Pav.vías Perbes, Leiro, S.Xoán de Vilanova e ou.” do Concello de Miño, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2010, co código: 10.2100.0122.0, que supón unha diminución no seu orzamento e un cambio do trazado dalgún tramo das obras incluídas no proxecto orixinal.

<b>Código: 10.2100.0122.0 Pav.vías Perbes, Leiro, S.Xoán de Vilanova e ou. Concello de Miño</b>			
<b>Axentes financiadores</b>	<b>Proxecto inicial co 18% de IVE</b>	<b>Proxecto modificado co 18% de IVE</b>	<b>Diferenza co 18% de IVE</b>
Deputación f.p.	110.843,60	108.867,77	-1.975,83
Concello	5.730,00	5.730,00	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>116.573,60</b>	<b>114.597,77</b>	<b>-1.975,83</b>

2.- Considerar cumprida a condición á que foi sometida, segundo o acordo plenario desta Deputación do 26 de febreiro de 2010, a aprobación desta obra “Pav.vías Perbes, Leiro, S. Xoán de Vilanova e ou.”, toda vez que o Concello de Miño acreditou a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución.

**11.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE ABASTECIMIENTO DE AUGA A VILARÓN, OS PICOS, O PAZO E GUNXEL” DO CONCELLO DA CAPELA INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2011. CÓDIGO: 11.3300.0199.0.**

Aprobar a modificación do proxecto da obra do Concello da Capela, que deseguido se relaciona, incluída na 1ª fase do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011, anualidade 2011, que non representa variación no seu orzamento total nin do seu contido, pero si representa alteración do seu trazado.

<b>Código</b>	<b>Denominación</b>	<b>Deputación f.p.</b>	<b>Concello</b>	<b>TOTAL</b>
11.3300.0199.0	Ampliación da rede municipal de abastecemento de auga a Vilarón, Os Picos, O Pazo e Gunxel Concello da Capela	145.614,64	7.527,32	<b>153.141,96</b>

A aprobación definitiva deste expediente queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 1/2011 no que se inclúe, na partida 0501/459D/76201, o crédito suficiente para financiar a achega provincial desta obra.

**12.-APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2011 QUINTA FASE, INTEGRADO POLO PROXECTO: ENSANCHE E MELLORA SOBRE O RÍO TE NA DP 7203 DE TARAGOÑA A PAZO NO P.Q. 1+180 RIANXO (111100006.0).**

1) Aprobar o Plan de VÍAS PROVINCIAIS 2011, QUINTA FASE cun orzamento total de 159.018,82 euros, que a seguir se detalla.

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
ENSANCHE SOBRE O RÍO TE NA D.P. 7203 DE TARAGOÑA A PAZO NO PK 1+180. RIANXO (111100006.0)	159.018,82
TOTAL	159.018,82

2) Expor ao público o proxecto mediante un anuncio que se ha inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

**13.-APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2011, CUARTA FASE, INTEGRADO POLO PROXECTO: CONSTRUCCIÓN DA GLORIETA NO CRUZAMENTO DE VILAR NA DP 7305 RIBEIRA (111100005.0).**

1) Aprobar o Plan de VÍAS PROVINCIAIS 2011, CUARTA FASE cun orzamento total de 150.654,52 euros, que a seguir se detalla.

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
CONSTRUCCIÓN DE GLORIETA NO CRUZAMENTO DE VILAR NA D.P. 7305. RIBEIRA. (111100005.0)	150.654,52
TOTAL	150.654,52

2) Expor ao público o proxecto mediante un anuncio que se ha inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

**14.-APROBACIÓN DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2011, SEGUNDA FASE, INTEGRADO POLO PROXECTO: MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 1105 NOIA A CABO DE CRUZ-CONSTRUCCIÓN DE SENDAS PEONÍS P.Q. 7+230 A 7+930 (MOIMENTA) E DO P.Q. 11+170 AO 11+980 (COMOXO) BOIRO 1111700002.0.**

1) Aprobar o Plan de SENDAS PEONÍS 2011, SEGUNDA FASE cun orzamento total de 273.983,84 euros, que a seguir se detalla.

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA D.P. 1105 NOIA A CABO DE CRUZ.- CONSTRUCCIÓN DE SENDAS PEONÍS PK 7+230 A 7+930 (MOIMENTA) E DO 11+170 A 11+980 (COMOXO). BOIRO. 1111700002.0	273.983,84
TOTAL	273.983,84

2) Expor ao público o proxecto mediante un anuncio que se ha inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

**15.-APROBACIÓN INICIAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2011, 2ª FASE, INTEGRADO POLO PROXECTO: PROXECTO DE MELLORA DE PAVIMENTO E SERVIZOS NA TRAVESÍA DA PICOTA DP 3404 DE SERRA DE OUTES A DUMBRÍA (MAZARICOS). 1111300002.0.**

1) Aprobar inicialmente o PLAN DE TRAVESÍAS 2011 2ª FASE cun orzamento total de 489.954,31 euros e que a seguir se detalla

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
PROXECTO DE MELLORA DE PAVIMENTO E SERVIZOS NA TRAVESÍA DA PICOTA DP 3404 DE SERRA DE OUTES A DUMBRIA, (MAZARICOS) 1111300002.0	489.954,31

Esta aprobación inicial ten o carácter de simple programación, que non xera por tanto ningún compromiso económico nin de execución para a Deputación ata que se acredite que existe crédito adecuado e suficiente e se aprobe definitivamente o plan ou a correspondente fase deste.

2) Remitir o citado proxecto ao concello para os efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación a que se refire a Base 3ª das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para a execución dos proxectos que se van incluír nas distintas fases do Plan de travesías 2008-2011, aprobadas polo Pleno en sesión celebrada o 29-2-2008 (BOP 57/8-3-2008).

**16.-APROBACIÓN TÉCNICA DO PROGRAMA DE VÍAS PROVINCIAIS 2009-2011 INTEGRADO POLOS PROXECTOS: ACTUALIZACIÓN DO PROXECTO DP 5401 NARÓN AO VAL POR CASTRO (ENSANCHE E MODIFICADO) (NARÓN). SOMETER A INFORMACIÓN PÚBLICA O EXPEDIENTE EXPROPIATORIO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS MEDIANTE ANUNCIO NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA.**

1º.-Aprobar tecnicamente o proxecto que integrarán o PROGRAMA DE VÍAS PROVINCIAIS 2009-2011 . A citada aprobación condicionarase á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente e á súa aprobación definitiva.

TITULO DO PROXECTO	ORZAMENTO DA OBRA
ACTUALIZACION DE PROXECTO EP 5401 NARON AO VAL POLO CASTRO (ENSANCHE E MODIFICADO) (NARON)	874.707,4
Totais	874.707,4

2º.-Tendo en conta que o presente proxecto substitúe ao denominado ENSANCHE E MODIFICADO DA EP 5401 NARÓN AO VAL POR CASTRO (TRAVESÍA DE XUBIA Á ESTRADA DE VALDOVIÑO) DO PK 0,000 AO PK 2,480 (0511100009.0), aprobado polo Pleno da Corporación en sesión plenaria do 28-5-2004, dar de baixa do sistema informático contable a obra ENSANCHE E MODIFICADO DA EP 5401 NARÓN AO VAL POR CASTRO (TRAVESÍA DE XUBIA Á ESTRADA DE VALDOVIÑO) DO PK 0,000 AO PK 2,480 (0511100009.0) por importe de 641.420,31 euros

3º.-Expór ao público o citado proxecto mediante o anuncio que se ha inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

4º.-Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellería da Presidencia e con base nos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das obras ACTUALIZACION DE PROXECTO EP 5401 NARÓN AO VAL POLO CASTRO (ENSANCHE E MODIFICADO) (NARÓN), tales como que:

Actualmente a estrada DP 5401 ten unha calzada estreita de ancho medio inferior aos 6 m, carece de beiravías, posúe un trazado sinuoso con curvas dun radio mínimo de 30m. Estas condicións dificultan a seguridade na circulación, especialmente durante o cruzamento de vehículos, sobre todo se estes son pesados, e limitan a visibilidade dispoñible en tramos de curva, especialmente en zonas con edificacións, polas cales discorre o tramo obxecto de proxecto. O trazado sinuoso provoca o aumento de risco de saídas de calzada ou de invasións de carril contrario de non circularse a velocidades moi

reducidas.

-Segundo os datos de aforamentos realizados recentemente, a intensidade media diaria da devandita estrada é de 3.585 vehículos/día, cunha media de 180 vehículos pesados/día e con intensidades horarias de ata 320 vehículos/hora. Localizáronse días con intensidades de ata 260 vehículos pesados/día.

Os datos anteriores de tráfico demostran que a citada estrada, con condicións xeométricas moi precarias, é utilizada por intensidade de tráfico pesado, de vehículos de gran volume, aumentando o risco de accidentes con choque frontal, e é utilizada en xeral por unha intensidade notable de tráfico, alcanzando intensidades horarias importantes.

-Segundo os datos da Dirección Xeral de Tráfico, entre os anos 2006 e comezos do 2010, tiveron lugar oito accidentes no tramo obxecto do proxecto, consistentes en saídas de calzada e en choques frontolaterais, especialmente na zona de curva de radio reducido.

-As obras proxectadas consisten na ampliación da estrada, aumentando o ancho de calzada a 7 metros, creando beiravías de 0,75 m, mellorando o trazado, mediante a mellora de curvas e creando un tramo de novo trazado, que permitirán unhas maiores condicións de seguridade na circulación do intenso tráfico da estrada provincial.

-Por todo iso, entendemos que, sendo o obxecto das actuacións do proxecto a mellora das condicións de seguridade viaria, agora moi restrinxidas polas deficientes características xeométricas da estrada actual, está plenamente xustificada a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados coa fin de mellorar as citadas condicións diminuíndo, por tanto, o risco de accidentes de circulación.

Todo iso, co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

5º.- Someter a información pública o expediente expropiatorio para a execución das obras de ACTUALIZACIÓN DO PROXECTO EP 5401 NARÓN AO VAL POLO CASTRO (ENSANCHE E MODIFICADO) (NARÓN) mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para as reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.

**17.-APROBACIÓN DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2011, PRIMEIRA FASE, INTEGRADO POLO PROXECTO: SENDA PEONIL EN PRÉSARAS NA ESTRADA 3205 (VILASANTAR) 111170001.0.**

1) Aprobar o Plan de SENDAS PEONÍS 2011, PRIMEIRA FASE cun orzamento total de 152.442,35 euros, que a seguir se detalla.

<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>ORZAMENTO</b>
SENDAS PEONIL EN PRÉSARAS NA ESTRADA 3205 (VILASANTAR). 111170001.0	152.442,35
TOTAL	152.442,35

2) Expor ao público o proxecto mediante un anuncio que se ha inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados

**18.-APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MUTACIÓN DEMANIAL SUBXECTIVA E TRANSFERIR A TITULARIDADE DOS TERREOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DA OBRA INCLUÍDA NO PROXECTO FORMACIÓN DE PLUVIAIS NA ESTRADA, FORMACIÓN DE SENDA PEONIL E CANALIZACIÓN DE PLUVIAIS NA ESTRADA EP 7508 CASTELO A MEIRÁS AO SEU PASO POLO NÚCLEO DE MEIRÁS. CONCELLO DE SADA. FORMALIZACIÓN CO CONCELLO DE SADA DAS CORRESPONDENTES ACTAS DE ENTREGA E RECEPCIÓN QUE PERFECCIONARÁN O CAMBIO DE DESTINO DOS BENS. DAR DE BAIXA NO INVENTARIO DE BENS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA OS CITADOS BENS.**

1.- Aprobar o expediente de mutación demanial subxectiva e en consecuencia transferir a titularidade dos terreos necesarios para a execución das obras incluídas no proxecto FORMACIÓN DE SENDA PEONIL E CANALIZACIÓN DE PLUVIAIS NA ESTRADA EP 7508 CASTELO A MEIRÁS AO SEU PASO POLO NÚCLEO DE MEIRÁS ao Concello de Sada, sen prexuízo da obtención da correspondente autorización por parte desta Deputación para a execución das obras.

2.- Formalizar co Concello de Sada as correspondentes actas de entrega e recepción que perfeccionarán o cambio de destino dos bens .

3.- Dar de baixa no Inventario de Bens da Deputación Provincial da Coruña os citados bens.

**19.-APROBACIÓN TÉCNICA DO PROGRAMA DE VÍAS PROVINCIAIS 2009-2011, INTEGRADO POLO PROXECTO: AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA DP 0906 DO P.Q. 19+800 AO 22+980 (BETANZOS). SOLICITARLE Á XUNTA DE GALICIA A DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN.**

Aprobar tecnicamente o proxecto que integrará o PROGRAMA DE VÍAS PROVINCIAIS 2009-2011. A citada aprobación condicionarase á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente e á súa aprobación definitiva.

TITULO DO PROXECTO	ORZAMENTO DA OBRA	ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN (PREVISIÓN PARA EXPROPIACIÓN)
AMPLIACION E MELLORA DE TRAZADO DA DP 0906 DO PK 19+800 AO 22+980 (BETANZOS)	1.137.879,94	297.509,15
TOTAIS	1.137.879,94	297.509,15

O presente proxecto substitúe ao denominado AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA EP 0906 DO PK 20,55 AO 23,60 (BETANZOS) aprobado polo Pleno da Corporación o 16-9-2005.

- Expor ao público o citado proxecto mediante un anuncio que se ha inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

- Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellería da Presidencia e con base nos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das obras, AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA DP 0906 DO PK 19+800 AO 22+980 (BETANZOS) tales como que:

- Actualmente a estrada DP 0906 ten unha calzada estreita de ancho medio inferior aos 5 m, carece de beiravías, posúe un trazado sinuoso con curvas de radio inferior a 40 m. Estas condicións dificultan a seguridade na circulación, especialmente durante o cruzamento de vehículos, sobre todo se estes son pesados, chegando a reducir a súa velocidade ata case a súa detención, e limitan a visibilidade dispoñible en tramos de curva polas cales discorre o tramo obxecto de proxecto.

- Segundo os datos de aforamentos realizados recentemente, a intensidade media diaria da devandita estrada é de 924 vehículos/día, cun 10,85 % de vehículos pesados. Localizáronse días con intensidades superiores aos 200 vehículos pesados/día.
- Os datos anteriores de tráfico demostran que a citada estrada, con condicións xeométricas moi precarias, é utilizada por intensidade de tráfico pesado, de vehículos de gran volume, aumentando o risco de accidentes con choque frontal, e é utilizada, en xeral, por unha intensidade notable de tráfico.
  
- As obras proxectadas consisten na ampliación da estrada, aumentando o ancho de calzada como mínimo a seccións de 6-7 metros, creando beiravías e executando sendas peóns en zonas con densidade de vivendas co obxecto de crear condicións de seguridade aos peóns nas devanditas zonas poboadas. Mellórase o trazado mediante a eliminación de curvas sen visibilidade. Estas actuacións incrementarán a seguridade viaria na estrada, diminuindo o risco de accidentes frontais, saídas de calzada, colisións por alcance, mellorarán a seguridade en accesos á estrada e permitirán o tránsito de peóns fóra da calzada diminuindo o risco de atropelo.
- Por todo iso, entendemos que, sendo o obxecto das actuacións do proxecto a mellora das condicións de seguridade viaria, agora moi restrinxidas polas deficientes características xeométricas da estrada actual, está plenamente xustificada a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados co fin de mellorar as citadas condicións diminuindo, por tanto, o risco de accidentes de circulación.

Todo iso co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

- Someter a información pública o expediente expropiatorio para a execución das obras de AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA EP 0906 DO PK 20,55 AO 23,60 (BETANZOS) mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para as reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.

**20.-APROBACIÓN TÉCNICA DO PROGRAMA DE VÍAS PROVINCIAIS 2009-2011, INTEGRADO POLO PROXECTO: AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA DP 0906 DO PK 17+460 AO 19+800 (PADERNE). SOLICITARLE Á XUNTA DE GALICIA A DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN.**

-Aprobar tecnicamente o proxecto que integrará o PROGRAMA DE VÍAS PROVINCIAIS 2009-2011 . A citada aprobación condicionarase á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente e á súa aprobación definitiva.

TITULO DO PROXECTO	ORZAMENTO DA OBRA	ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN (PREVISIÓN PARA EXPROPIACIÓNS)
AMPLIACION E MELLORA DE TRAZADO DA DP 0906 DO PK 17+460 AO 19+800 (PADERNE)	987.332,55	242.306,24
Totais	987.332,55	242.306,24

O presente proxecto substitúe ao denominado AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA EP 0906 DO PK 14,650 AO 20,550 (PADERNE E BETANZOS) aprobado polo Pleno da Corporación o 16-9-2005.

-Expor ao público o citado proxecto mediante un anuncio que se ha inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

-Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellería da Presidencia e con base nos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das obras AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA DP 0906 DO PK 17+460 AO 19+800 (PADERNE) tales como que:

- Actualmente a estrada DP 0906 ten unha calzada estreita de ancho medio inferior aos 5 m, carece de beiravías, posúe un trazado sinuoso con curvas de radio inferior a 40 m. Estas condicións dificultan a seguridade na circulación, especialmente durante o cruzamento de vehículos, sobre todo se estes son pesados, chegando a reducir a súa velocidade ata case a súa detención, e limitan a visibilidade dispoñible en tramos de curva, polas cales discorre o tramo obxecto de proxecto.

- Segundo os datos de aforamentos realizados recentemente, a intensidade media diaria da devandita estrada é de 924 vehículos/día, cun 10,85 % de vehículos pesados. Localizáronse días con intensidades superiores aos 200 vehículos pesados/día.

- Os datos anteriores de tráfico demostran que a citada estrada, con condicións xeométricas moi precarias, é utilizada por intensidade de tráfico pesado, de vehículos de gran volume, aumentando o risco de accidentes con choque frontal, e é utilizada, en xeral, por unha intensidade notable de tráfico.

- As obras proxectadas consisten na ampliación da estrada, aumentando o ancho de calzada como mínimo a seccións de 6-7 metros, creando beiravías e executando sendas peonís en zonas con densidade de vivendas co obxecto de crear condicións de seguridade aos peóns nas devanditas zonas poboadas. Mellórase o trazado mediante a eliminación de curvas sen visibilidade. Estas actuacións incrementarán a seguridade viaria na estrada, diminuíndo o risco de accidentes frontais, saídas de calzada, colisións por alcance, mellorarán a seguridade en accesos á estrada e permitirán o tránsito de peóns fóra da calzada diminuíndo o risco de atropelo.

- Por todo iso, entendemos que, sendo o obxecto das actuacións do proxecto a mellora das condicións de seguridade viaria, agora moi restrinxidas polas deficientes características xeométricas da estrada actual, está plenamente xustificada a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados co fin de mellorar as citadas condicións diminuíndo, por tanto, o risco de accidentes de circulación.

Todo iso co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

-Someter a información pública o expediente expropiatorio para a execución das obras de AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA DP 0906 DO PK 17+460 AO 19+800 (PADERNE) mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.

**21.-APROBACIÓN DO PLAN DE TRAVESÍAS 2008, 1ª FASE, 6ª RELACIÓN, INTEGRADO POLO PROXECTO: MELLORA DA SEGURIDADE NA DP 0106 DE AMEÁS A OZA DOS RÍOS, P.Q. 3+430 AO P.Q. 4+060 ABEGONDO (0811300016.0).**

1.- Aprobar provisionalmente o PLAN DE TRAVESÍAS 2008 1ª FASE 6ª RELACIÓN, integrado polo proxecto que a seguir se relaciona, cun orzamento total de 203.126,92 euros

DENOMINACION	Presuposto da obra
Mellora da seguridade na DP 0106 de Ameás a Oza dos Ríos, P.Q. 3+430 ao P.Q. 4+060 Abegondo (0811300016.0)	203.126,92

2.- Excluir do presente plan o proxecto de TRAVESÍA E SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA PROVINCIAL EP 0103 REXIDOIRA Á PRAIA DE BALDAIO (TRAMO CARRAL) DESDE O PK 3+570 AO 4+840 xa que foi incluída na primeira programación de actuacións que se van executar do proxecto SENDAS.

3.- Expor ao público, unha vez aprobado provisionalmente, por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentárense reclamacións.

**22.-APROBACIÓN DA 2ª FASE DA ANUALIDADE 2011 DO PROXECTO MANDEO COFINANCIADO CON FONDOS FEDER.**

“Vista a relación de actuacións que a continuación se indican, que desenvolven o contido do Proxecto reformulado denominado “Mandeo. Posta en valor das concas fluviais 1ª fase: río Mandeo”, financiado cunha axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) con cargo á convocatoria 2007, que afecta ao período 2007-2010, de axudas FEDER para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano durante o período de intervención 2007-2013

1º.- Aprobar a segunda fase da anualidade 2011 do Proxecto Mandeo na que se inclúen as actuacións que a continuación se indican, que serán contratadas por esta Deputación:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	2011
		Feder
		Deputac.
		Total
11.2800.0050.0	'Saneam. Insua (Paderne) Pr. Mandeo	404.059,73
		173.168,45
		<b>577.228,18</b>
11.2800.0050.4	Coordinac. seg- saúde saneam.. Insua (Paderne)	4.316,26
		1.849,83
		<b>6.166,09</b>
11.2800.0050.5	Dirección saneam. Insua (Paderne) Pr.Mandeo	10.071,28
		4.316,26
		<b>14.387,54</b>
11.2800.0051.0	Adquisición equipos observación aves.Pr.Mandeo	9.730,00
		4.170,00
		<b>13.900,00</b>
11.2800.0052.0	Servizo almacén,distribuc.e control material Pr.Mandeo	4.200,00
		1.800,00
		<b>6.000,00</b>
10.2800.0035.5	Dirección obra nova trazado Os Caneiros. Pr.Mandeo	9.490,16
		4.067,21
		<b>13.557,37</b>
<b>T O T A L 2ª fase anualidade 2011</b>		441.867,43
		189.371,75
		<b>631.239,18</b>

2º.- O financiamento destas actuacións realizarase con cargo á partida 0501/172D/650 do orzamento provincial para o exercicio 2011.

3º.- Dispoñer a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no BOP para efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou

reclamacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para efectos da coordinación disposta na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia”.

### **23.-APROBACIÓN DO PLAN DE REINVESTIMENTO DE REMANENTES DA PAC-2, ANUALIDADE 2011.**

Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento dos gastos de reposición asociados ao mantemento dos servizos públicos esenciais dos concellos 2009 (PAC-2) que foron aprobadas polo Pleno da deputación en sesión realizada o 27 de marzo de 2009 (BOP nº 74 do 1 de abril de 2009) e modificadas mediante acordo plenario do 24 de setembro de 2010 (BOP nº 187 do 29 de setembro de 2010).

Vistos os remanentes producidos polas baixas de licitación das obras do citado plan base así como pola anulación das obras nº 26, 90, 132, 133 á petición dos respectivos concellos ou por anularse as achegas municipais ás que ían asociadas as actuacións nº 321, 325, 326, 332, 334, 335 e 336.

Tendo en conta as solicitudes presentadas polos concellos destinatarios desta posibilidade de ampliación, ao amparo da citada base 11 do plan.

1.- Aprobar o Plan de reinvestimento de remanentes do Plan provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento dos gastos de reposición asociados ao mantemento dos servizos públicos esenciais dos concellos 2009 (PAC-2), anualidade 2011, no que se inclúen as obras municipais que se detallan no [anexo I](#) que se xunta co presente acordo e cuxas cifras globais de financiamento son as seguintes:

<b>Nº de actuacións</b>	19
<b>Nº de concellos</b>	16

<b>FINANCIAMENTO PLAN REINVESTIMENTO REMANENTES PAC-2, ANO 2011</b>	
<b>Achega municipal</b>	137.360,66
<b>Achega deputación</b>	654.159,40
<b>Total</b>	<b>791.520,06</b>

Aprobar, así mesmo, os correspondentes proxectos.

A aprobación deste Plan de reinvestimento de remanentes queda condicionada á entrada en vigor do Expediente de modificación de créditos 2/2011, no que se consignará na partida 0501/459F/76201 do Plan base (PAC-2), crédito suficiente para o financiamento da achega provincial ao citado plan.

2.- A aprobación definitiva das actuacións que de seguido se indican queda condicionada á obtención das autorizacións que se especifican o que se lle comunicará aos concellos mediante as correspondentes circulares coas instrucións para a súa contratación.

Concello e código	Denominación da obra	Importe proxecto	Condición que se ha cumprir
Cambre 11.3270.0154.0	Subst. pav. ampl. zona praias e varias medidas protección na piscina mpal. do Balado	31.004,05	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Obter a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio, da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia</li> <li>• Obter a autorización do Organismo Augas de Galicia por estar dentro da Zona de Policía do Regato Lagoa</li> <li>• Presentar anexo xustificativo do cumprimento das disposicións sobre barreiras arquitectónicas urbanísticas establecidas no Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro e do documento básico do CTE (seguridade de utilización e accesibilidade)</li> <li>• Presentar anexo coa información gráfica seguinte: <ul style="list-style-type: none"> <li>- indicación de rasantes e superficies da obra que se ha realizar</li> <li>- detalle construtivo</li> <li>- instalacións que se han realizar e os seus cálculos</li> </ul> </li> </ul>
Vilasantar 11.3270.0166.0	Instalación grupo de presión no lugar da Baiuca de Arriba	30.845,71	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Obter a autorización da Consellería de Política territorial, obras públicas e transporte da Xunta de Galicia, por atoparse na área de influencia da estrada C-840</li> <li>• Obter a autorización do Ministerio de Fomento, Secretaría de Estado de Infraestruturas, Demarcación de estradas do Estado en Galicia, por atoparse na área de influencia da estrada N-634</li> </ul>

3.-A contratación das obras incluídas neste plan, realizarana os respectivos concellos, de conformidade co disposto nas Bases modificadas reguladoras do plan provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento dos gastos de reposición asociados ao mantemento dos servizos públicos esenciais dos concellos 2009 (PAC-2), polas que se engadiu a base 11 denominada “Ampliación do procedemento de reinvestimento de remanentes dos concellos”.

PLAN DE REINVESTIMENTO DE REMANENTES DO PAC-2, ANUALIDADE 2011

ANEXO I

A) OBRAS OU SUBMINISTRACIÓNS

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO		
			DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL
Ames	11.3270.0151.0	REPA. CAMIÑO GUIMARÁNS A OUTEIRO (BIDUIDO) E OUTROS	48.910,49	21.214,48	70.124,97
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>48.910,49</b>	<b>21.214,48</b>	<b>70.124,97</b>
Boiro	11.3270.0152.0	PROXECTO DE MELLORA DA CONTORNA DA PRAZA DE GALICIA	61.763,99	0,00	61.763,99
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>61.763,99</b>	<b>0,00</b>	<b>61.763,99</b>
Cambre	11.3270.0153.0 11.3270.0154.0	MELLORAS NA REDE ABAST. EN PEIRAIÓ E NA REDE PLUVIAIS MEIXIGO SUBST. PAV., AMPL. ZONA PRAIAS E VARIAS MEDIDAS PROTECCIÓN NA PISCINA MPAL. DO BALADO	45.742,45	6.115,40	51.857,85
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>26.822,36</b>	<b>4.181,69</b>	<b>31.004,05</b>
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>72.564,81</b>	<b>10.297,09</b>	<b>82.861,90</b>
Carballo	11.3270.0155.0	AMPL. PROXECTO REPOSICIÓN CM. PRRQ. DO CONCELLO DE CARBALLO	81.762,14	0,00	81.762,14
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>81.762,14</b>	<b>0,00</b>	<b>81.762,14</b>
Malpica	11.3270.0156.0	REPA E MANT. REDE AUGA POTABLE EXISTENTE NOS ANTIGOS DEPÓSITOS E DO CM. DE ACCESO AO POLIDEPORTIVO DE MALPICA	34.952,31	0,00	34.952,31
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>34.952,31</b>	<b>0,00</b>	<b>34.952,31</b>
Oleiros	11.3270.0157.0	OBRAS REPA. DO EDIFICIO MPAL. DA RÚA DO RÍO, 29	34.993,45	0,00	34.993,45
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>34.993,45</b>	<b>0,00</b>	<b>34.993,45</b>
Outes	11.3270.0158.0	SUBM. MATERIAL PARA SERVIZO MANT. REDE IL. PÚBLICA	29.362,22	766,60	30.128,82
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>29.362,22</b>	<b>766,60</b>	<b>30.128,82</b>
Pontedeume	11.3270.0159.0	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO DA ORELA, OMBRE	19.206,70	18.636,49	37.843,19
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>19.206,70</b>	<b>18.636,49</b>	<b>37.843,19</b>
Pontes, As	11.3270.0160.0	MELLORA. PAV. TRAMO PISTA ACCESO PORTO DOS FRADES	14.479,65	16.136,90	30.616,55
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>14.479,65</b>	<b>16.136,90</b>	<b>30.616,55</b>
Ribeira	11.3270.0161.0	REPA. IL. PUB. RÚA DA BARREIRA E RÚA LEPANTO	19.186,80	14.903,19	34.089,99
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>19.186,80</b>	<b>14.903,19</b>	<b>34.089,99</b>
Sada	11.3270.0162.0	AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA DA IL. PUB. MANDÍN-SOÑEIRO E .....	9.075,63	21.199,59	30.275,22

	11.3270.0163.0	SUBST. IL PUB. E CONDUTORES POR OUTROS NO CASCO HISTORICO	73.527,99	0,00	73.527,99
	11.3270.0164.0	ACONDICIONAMENTO CAMIÑO DE VERTÍN A SEIXEDA	30.973,42	0,00	30.973,42
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>113.577,04</b>	<b>21.199,59</b>	<b>134.776,63</b>
Teo	11.3270.0165.0	AFIRMADO E ACD. DA ESTRADA CACHEIRAS- O SISTO (TEO)	41.830,51	14.518,18	56.348,69
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>41.830,51</b>	<b>14.518,18</b>	<b>56.348,69</b>
Val do Dubra	11.3270.0166.0	AMPL. IL. PUB. VARIOS LUGARES DO CONCELLO	16.252,91	19.688,14	35.941,05
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>16.252,91</b>	<b>19.688,14</b>	<b>35.941,05</b>
Vilasantar	11.3270.0167.0	INSTALACIÓN GRUPO DE PRESIÓN NO LUGAR DA BAIUCA DE ARRIBA	30.845,71	0,00	30.845,71
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>30.845,71</b>	<b>0,00</b>	<b>30.845,71</b>
		<b>TOTAL</b>	<b>619.688,73</b>	<b>137.360,66</b>	<b>757.049,39</b>

#### B) ACHEGAS A OUTROS PLANS OU PROGRAMAS

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO		
			DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL
Cedeira	11.3270.0351.0	ACHEGA. MPAL. PCC 2011 MELLORA REDE SAN. NA LABOREÑA, .....	13.100,00		13.100,00
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>13.100,00</b>		<b>13.100,00</b>
Negreira	11.3270.0352.0	ACHEGA. MPAL. PROXECTOS EFICIENCIA ENERXÉTICA, CONVENIO INEGA	21.370,67		21.370,67
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>21.370,67</b>		<b>21.370,67</b>
		<b>TOTAL</b>	<b>34.470,67</b>		<b>34.470,67</b>

#### C) RESUMO

<b>A) OBRAS OU ADQUISICIÓNS</b>	<b>619.688,73</b>	<b>137.360,66</b>	<b>757.049,39</b>
<b>B) ACHEGAS A OUTROS PLANS OU PROGRAMAS</b>	<b>34.470,67</b>		<b>34.470,67</b>
<b>TOTAL</b>	<b>654.159,40</b>	<b>137.360,66</b>	<b>791.520,06</b>

## **24.-MODIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DO 25/02/2011 RELATIVO Á APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO MODELO TIPO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COS CONCELLOS DA PROVINCIA QUE INSTRUMENTEN A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS NOMINATIVAS PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DE INMOBLES.**

Modificar o acordo plenario do 25/02/2011 relativo á aprobación da modificación do modelo tipo do convenio de colaboración con concellos da provincia que instrumenten a concesión de subvencións nominativas para financiar a adquisición de inmobles, no senso.

### Onde di:

1. Coa posibilidade prevista no disposto na base 56º das de execución do Orzamento para o ano 2011, ata o 60 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagábel, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionábel unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben inmovible, expedida polo órgano competente, acompañada da seguinte documentación:
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

2.- Adquirido o ben, procederase ao aboamento do 40 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Copia da escritura pública de adquisición.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, deixando constancia no asento de inscrición da afectación do ben á finalidade para a que foi concedida polo menos por un prazo de dez anos.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade. Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
- Deberá cumprir a cláusula V.-2 relativa á publicidade, mediante a presentación de fotografía dilixenciada no reverso.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable (60%).
- Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

Debe dicir:

Aprobar a modificación do modelo tipo de Convenio de colaboración con concellos da provincia que instrumenten a concesión de subvencións nominativas para financiar a adquisición de inmobles polo que respecta á cláusula VI que queda redactada do seguinte modo

1. Coa posibilidade prevista no disposto na base 56º das de execución do orzamento para o ano 2011, ata o 60 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagábel, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionábel unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben inmueble, expedida polo órgano competente, acompañada da seguinte documentación:

A) Descrición física e xurídica do ben.

B) Identificación do titular ou titulares coa cota que lles corresponda a cada un deles

C) Valoración pericial.

D) Aceptación dos propietarios do valor que se lles asigne

E) Determinación da data para a elevación á escritura pública.

Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social , segundo o disposto na cláusula OITAVA.

Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

2.- Adquirido o ben, procederase ao aboamento do 40 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Copia da escritura pública de adquisición.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, deixando constancia no asento de inscrición da afectación do ben á finalidade para a que foi concedida polo menos por un prazo de dez anos.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade. Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación Provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
- Deberá cumprir a cláusula V.-2 relativa á publicidade, mediante a presentación de fotografía dilixenciada no reverso.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable (60%).
- Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.



**ESTRADA AC161 AO SEU PASO POR CARRIO**, tal como aparece definida esta no proxecto redactado por D.ANTONIO SABÍN VÁZQUEZ N° 2.233 (enxeñeiro técnico industrial)

O Concello de **BERGONDO**, na súa condición de promotora da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, así como, no seu caso, a preceptiva licenza urbanística, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa, así como a obter a dispoñibilidade de terreos necesaria para a execución das obras.

## **II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.**

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagrégase co seguinte detalle:

P. E.M:	144.442,19 €
GASTOS XERAIS	18.777,48 €
BENEFICIO INDUSTRIAL	8.666,53 €
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	30.939,52 €
<i>PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA</i>	<b>202.825,72 €</b>

## **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.**

1 A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **162.258,72 €**, o que representa unha porcentaxe de **79,999%**

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,999% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0202/454A/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma

finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .**

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao **Concello de BERGONDO** o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o **Concello de BERGONDO** axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.**

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o **Concello de BERGONDO** estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.**

1. Coa posibilidade prevista na base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2010, ata o 60 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagábel, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do **Concello de BERGONDO** pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de obras, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- O **Concello de BERGONDO** estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida, de acordo co disposto na cláusula de publicidade. Desta obriga deberá enviar fotografía dilixenciada no reverso, para acreditar o seu cumprimento. De igual xeito se procederá coa placa.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 40 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do **Concello de BERGONDO**, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Concello de BERGONDO** na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a **Concello de BERGONDO** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

Deberá acreditar terlle aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

## **VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o **Concello de BERGONDO** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao **Concello de BERGONDO** para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao **Concello de BERGONDO** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1. O **Concello de BERGONDO** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. O **Concello de BERGONDO** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o **Concello de BERGONDO** poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **Concello de BERGONDO** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na base 55<sup>a</sup> das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras ocasionará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou a terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

#### **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **Concello de BERGONDO** serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello de BERGONDO** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o **10 de novembro de 2011**
2. Despois da solicitude do **Concello de BERGONDO**, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

- 1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do **Concello de BERGONDO**, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do 28 de maio de 2010

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA  
CORUÑA

A ALCALDESA-PRESIDENTA DO **Concello de  
BERGONDO**

**26.-APROBACIÓN DO CONVENIO CO CONCELLO DE ARES PARA FINANCIAR AS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE DÚAS PISTAS DE PÁDEL NA CIDADE DEPORTIVA DO CONCELLO DE ARES.**

Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio atendendo ao obxecto e finalidade da actividade que se ha realizar e vistos os informes dos Servizos de Patrimonio e Fiscalización, procede

Aprobar a subscrición e o texto do Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación provincial e o Concello de Ares para financiar a **realización da obra de construción de dúas pistas de pádel na cidade deportiva (O Franco, Pedrós) CONCELLO DE ARES**, cun orzamento de 89.386,20€ e unha achega de 87.871,18 € con cargo á partida 0202/342A/76201 (o que representa unha porcentaxe total de financiamento de 98,30%), documento contable RC nº operación 220100022377 do 09/02/2011.

Coa aprobación do presente convenio queda modificado o importe inicial do orzamento subvencionable e o coeficiente de financiamento aprobado no E.M.C. 2/2010 do 28/05/2010

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARES PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE DÚAS PISTAS DE PÁDEL NA CIDADE DEPORTIVA. CONCELLO DE ARES**

Na Coruña, o

Reunidos

Dunha parte don Salvador Fernández Moreda Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

E doutra parte o Sr. Julio Ignacio Iglesias Redondo, Alcalde Presidente do Concello de ARES

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

**MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de ARES ambas as dúas partes

## A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### **I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONCELLO DE ARES, CIF: P1500400E, para o financiamento da obra de **CONSTRUCCIÓN DE DÚAS PISTAS DE PÁDEL NA CIDADE DEPORTIVA. CONCELLO DE ARES**, tal como aparece definida esta na memoria valorada, redactada por don Gonzalo García Martínez

O CONCELLO DE ARES, na súa condición de promotora da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, así como, no seu caso, a preceptiva licenza urbanística, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa, así como a obter a dispoñibilidade de terreos necesaria para a execución das obras.

### **II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.**

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

P. E.M:	63.656,32€
GASTOS XERAIS:	8.275,32€
BENEFICIO INDUSTRIAL:	3.819,38€
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO:(18%)	13.635,18€
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA:	89.386,20€

### **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.**

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 87.871,18€, o que representa unha porcentaxe do 98,30%.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 98,30%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/342A/76201, na que a Intervención provincial ten certificado que

existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .**

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao CONCELLO DE ARES o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o CONCELLO DE ARES axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.**

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o CONCELLO DE ARES estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.**

1. Coa posibilidade prevista na base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2010, ata o 60 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagábel, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE ARES pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de obras, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social , segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

O CONCELLO DE ARES estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o

anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida, de acordo co disposto na cláusula de publicidade. Desta obriga deberá enviar fotografía dilixenciada no reverso, para acreditar o seu cumprimento. De igual xeito se procederá coa placa.

2. Rematada completamente a obra, procederáse ao aboamento do 40 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do CONCELLO DE ARES, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.

Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE ARES na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE ARES terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

## **VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as obras, o CONCELLO DE ARES deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se

teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE ARES para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE ARES da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1. O CONCELLO DE ARES deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. O CONCELLO DE ARES destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE ARES poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE ARES queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE ARES serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE ARES será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [dicoruna.es](http://dicoruna.es)

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 10 de novembro de 2011.

2. Trala solicitude previa do CONCELLO DE ARES, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE ARES, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución da Presidencia con data do

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O VICEPRESIDENTE EN FUNCÍONS DA  
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE  
ARES

Pablo Villamar Díaz

Julio Ignacio Iglesias Redondo

**27.-APROBACIÓN DO CONVENIO COA ORGANIZACIÓN DE ESTADOS IBEROAMERICANOS PARA A EDUCACIÓN, A CIENCIA E A CULTURA OEI PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL AO DESENVOLVEMENTO DENOMINADO “A PRÁCTICA PEDAGÓXICA EN CONTORNAS INNOVADORAS DE APRENDIZAXE-URUGUAI”.**

*APROBAR a formalización do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA e A ORGANIZACIÓN DE ESTADOS IBEROAMERICANOS PARA A EDUCACIÓN, A CIENCIA E A CULTURA OEI CON NIF:G28212488 PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL AO DESENVOLVEMENTO DENOMINADO "A PRÁCTICA PEDAGÓXICA EN CONTORNAS INNOVADORAS DE APRENDIZAXE- URUGUAI", cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 200.000,00€ distribuída en dúas anualidades cunha achega de 100.000 € por anualidade (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 80,00% do orzamento) que se aboarán de conformidade coa cláusula 6ª do texto do convenio, e con cargo á aplicación orzamentaria 0103/232B/481 e ós documentos contables RC 220110006328 por importe de 100.000 euros, e RCP 220119000065 por importe de 100.000 euros, tendo en conta que a achega de 2012 quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento correspondente.*

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ORGANIZACIÓN DE ESTADOS IBEROAMERICANOS PARA A EDUCACIÓN, A CIENCIA E A CULTURA (OEI), PARA COFINANCIAR O PROXECTO “A PRÁCTICA PEDAGÓXICA EN CONTORNAS INNOVADORAS DE APRENDIZAXE”, QUE SE HA DESENVOLVER EN URUGUAI**

Na Coruña, o ..... de ..... de dous mil once

**REUNIDOS**

Dunha parte D. Salvador Fernández Moreda, que intervéen neste acto en nome e representación da Excma. Deputación provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme as competencias que ten atribuídas.

e doutra, D. Álvaro Marchesi Ullastres, que intervéen neste acto en nome e representación da Organización de Estados Iberoamericanos para a Educación, a Ciencia e a Cultura (OEI), CIF G-28.212.488, con domicilio social na Rúa Bravo Murillo, 38, CP 28015 - Madrid, na súa calidade de secretario xeral da entidade e conforme as competencias que lle atribúen os seus estatutos.

Ambos os comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

**EXPOÑEN**

A Organización de Estados Iberoamericanos para a Educación, a Ciencia e a Cultura (OEI, en diante), é un organismo internacional de carácter gobernamental para a

cooperación entre os países iberoamericanos nos campos da educación, a ciencia, a tecnoloxía e a cultura, no contexto do desenvolvemento integral, creado en 1949 baixo a denominación de Oficina de Educación Iberoamericana.

A sede central da súa Secretaría Xeral está en Madrid, España, e conta con oficinas nacionais en Arxentina, Bolivia, Brasil, Chile, Colombia, Costa Rica, República Dominicana, Ecuador, O Salvador, Guatemala, Honduras, México, Nicaragua, Panamá, Paraguai, Perú e Uruguai.

A OEI ten como propósito fundamental o desenvolvemento e o intercambio educativo, científico, tecnolóxico e cultural dos Estados Membros, co obxecto de contribuír a elevar o nivel cultural dos seus habitantes como persoas, formalos integralmente para a vida produtiva e para as tarefas que require o desenvolvemento integral e fortalecer os sentimentos de paz, democracia e xustiza social.

Para o logro dos seus fins, a OEI promove o Proxecto “Metas Educativas 2021: a educación que queremos para a xeración dos bicentenarios”, que foi aprobado no Cumio de Xefes de Estado e de Goberno celebrada en decembro de 2010 na Cidade de Mar da Prata, Arxentina, cuxo obxectivo xeral é a mellora da calidade e a equidade na educación, para facer fronte á pobreza e á desigualdade e, desta forma, favorecer a inclusión social.

Coa finalidade de contribuír a estes fins expónse a creación dos Institutos de Desenvolvemento e Innovación Educativa da OEI, co obxectivo de contar con centros e institutos especializados en determinados temas educativos. Os IDIE teñen como misión fundamental fortalecer a calidade da educación a través da cooperación técnica especializada mediante tarefas de fortalecemento e modernización institucional, que se concretarán en accións de diagnóstico, identificación, orientación, consulta, asistencia técnica ou capacitación, así como outras similares de intervención en proxectos de desenvolvemento. Todo iso en relación directa coas administracións educativas dos países beneficiarios e coas entidades e expertos máis representativos dos seus sistemas educativos.

Un dos eixes máis destacados do citado programa consiste na mellora da calidade educativa mediante o fortalecemento da profesión docente, do que se derivou o proxecto “A práctica Pedagóxica en Contornas Innovadoras de Aprendizaxe”, para cuxa execución na República Oriental do Uruguai se solicita a colaboración financeira por parte da Deputación Provincial da Coruña.

A Deputación Provincial da Coruña participa neste proxecto no marco das competencias que a lexislación lle atribúe, tanto en orde ao fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, regulados na normativa local de aplicación, como en orde á cooperación internacional ao desenvolvemento, disposta na Lei 23/1998, de cooperación internacional ao desenvolvemento, e na Lei (galega) 3/2003, de cooperación ao desenvolvemento.

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO**

1. O convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e a OEI, para o cofinanciamento da execución do proxecto “A práctica pedagóxica en contornas innovadoras de aprendizaxe”, cuxo obxectivo xeral, no marco do proxecto “Metas educativas 2021: a educación que queremos para a xeración dos bicentenarios”, é fortalecer a formación dos docentes de Uruguai, como

factor fundamental para mellorar a calidade educativa, tendo especial atención nas competencias básicas que se deben actualizar para adaptalas ás evolucións da sociedade da información.

2. Para logralo sinálanse os seguintes obxectivos específicos:

1. Establecer lazos de cooperación académica con institucións estranxeiras.
2. Ofrecer aos estudantes de Formación Docente a posibilidade de coñecer diversas contornas de aprendizaxe, así como outras realidades educativas.
3. Fomentar o desenvolvemento da investigación educativa incorporando diversos enfoques, tanto teóricos como culturais.
4. Xerarquizar a importancia da incorporación de contornas de aprendizaxe innovadoras e creativas, que contribúan aos avances na calidade da educación.

3. O proxecto executarase en dúas anualidades (2011 e 2012) e as actividades que se han desenvolver serán as seguintes:

1. Elaboración dun **Mapeo de experiencias**, co fin de recoller información sobre a aplicación de prácticas innovadoras e creativas en ensino-aprendizaxe en novas contornas, dando prioridade ás desenvolvidas nas institucións/universidades que son responsables da formación inicial e do desenvolvemento profesional dos docentes de primaria, media e técnica, do espazo iberoamericano. Realizarase unha publicación co **informe da investigación**.
2. Celebración dun **Seminario Internacional sobre Estratexias para o Desenvolvemento do Pensamento Innovador na aula**, co obxectivo de coñecer o estado de situación, a nivel rexional e internacional, das prácticas educativas que desenvolven o pensamento innovador na aula.
3. Deseño de web / **Rede virtual de docencia innovadora e creativa**. O espazo virtual impulsará a formación dunha rede de docencia innovadora e creativa
4. Realización de intercambio **de estudantes en centros universitarios** seleccionados polas súas prácticas innovadoras. Realizaranse estancias curtas ou *stagge* (5 días) para estudantes en institucións universitarias da rexión que se destacan pola súa traxectoria na implementación de prácticas innovadoras e creativas.
5. **Formación continúa para docentes en contornas virtuais** de aprendizaxe para os efectos de promover a súa formación e especialización nesta área.
6. Realización dun **Encontro Iberoamericano Experiencias innovadoras e creativas** que incluírán a presentación das mellores experiencias nacionais, seleccionadas nas institucións de formación en educación de todo o país. Ademais, convidaranse as máis relevantes experiencias da rexión.
7. É importante destacar que o proxecto contribúe ao desenvolvemento do Instituto para o Desenvolvemento e Innovación Educativa especializado en Formación Docente, (IDIE) en Uruguai. Este Instituto integrárase á rede de IDIES que xa funciona noutros países latinoamericanos (Arxentina, Chile e Colombia), como centros especializados en formación docente, consolidándose como un equipo técnico especializado que brinda asistencia técnica e desenvolve distintas iniciativas relacionadas coa formación docente, traballando en consonancia coas necesidades e a realidade educativa do seu país e en estreita coordinación co Ministerio de Educación de Uruguai.

4. A responsabilidade da execución do proxecto estará a cargo da Organización de Estados Iberoamericanos. O equipo técnico da Oficina da OEI en Uruguai realizará a xestión económica e financeira e a planificación xeral das actividades e, en todo caso, e en virtude deste convenio, correspóndelle a realización das actuacións necesarias para asegurar o control, seguimento e verificación da execución do proxecto, a supervisión das avaliacións nel previstas, a acreditación documental ante a Deputación da Coruña da súa execución, así como as transferencias de fondos correspondentes.

#### **SEGUNDA: ORZAMENTO**

O orzamento total ascende a 250.000 euros e detállase por anualidades segundo o detalle que se incorpora como anexo a este convenio.

#### **TERCEIRA. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS**

1. A Deputación comprométese a colaborar no financiamento do proxecto cunha subvención máxima de 200.000,00 euros (100.000,00 en 2011 e outros 100.000,00 en 2012), que equivale a un coeficiente de financiamento do 80,00 %.

2. No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo ás anualidades e aplicacións orzamentarias que se indican no seguinte cadro:

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
2011	0103/232B/481	100.000,00 €
2012	0103/232B/481	100.000,00 €
TOTAL		200.000,00 €

4. Para a anualidade corrente existe crédito suficiente polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle á entidade beneficiaria que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o devandito ano e a que nel exista dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A OEI contribuirá ao proxecto cunha achega valorizada de cincuenta mil euros (50.000 €), que será xustificada mediante certificación subscrita polo seu representante legal.

6. A OEI poderá imputar sobre o total da achega financeira o 8% en concepto de gastos de administración, xestión e seguimento derivados da execución do proxecto obxecto deste convenio.

7. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custo total do gasto efectivamente xustificado.

8. No caso de que pola concorrancia doutras axudas ou subvencións se supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a subvención provincial o importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **CUARTA. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. Correspóndelle á entidade beneficiaria, ou á súa contraparte local, o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público española ou uruguaia, segundo proceda.

#### **QUINTA. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga, segundo os modelos e formularios da OEI.

#### **SEXTA. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN**

1. A subvención da Deputación Provincial da Coruña aboarase da seguinte forma:  
\* **Anualidade 2011.**- Do importe desta anualidade aboaranse 60.000,0 € (equivalente ao 60 % dela) con carácter de anticipo prepagable, para cuxa tramitación a beneficiaria deberá presentar a seguinte documentación:
  - Solicitud de pago
  - Acreditación da apertura dunha conta bancaria específica coa denominación do proxecto, con cargo á que a beneficiaria deberá xestionar os fondos librados para a súa execución. Á citada conta poderá dárselle apertura nunha entidade con sede en Uruguai, nese caso a beneficiaria deberá transferirle a ela a subvención recibida. Un extracto da conta deberá remitirse á Deputación xunto coa xustificación documental correspondente.Os restantes 40.000,00 € aboaranse logo da presentación por parte da OEI da seguinte documentación:
  - Informe xeral suscrito polo representante da beneficiaria, relativo á realización das actividades correspondentes á anualidade 2011, aludindo ao cumprimento dos obxectivos da subvención e á difusión do financiamento provincial.
  - Certificación clasificada e detallada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores, documento de identidade fiscal, documentos xustificativos e importes, indicando as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda, se as houberse.
  - Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.
  - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial, para o que a OEI poderá utilizar os modelos e formularios que teña establecidos.

\* **Anualidade 2012.**- Do importe desta anualidade aboaranse 60.000,0 € (equivalente ao 60 % dela) con carácter de anticipo prepagable, para cuxa tramitación a beneficiaria deberá xustificar a execución da anualidade anterior e presentar a solicitude de pago correspondente.

Os restantes 40.000,00 € aboaranse logo da presentación por parte da OEI da xustificación final, unha vez concluída a execución do proxecto, e en todo caso antes do 30.09.2013, mediante a presentación da seguinte documentación:

- Informe xeral suscrito polo representante da beneficiaria, relativo á realización de todas as actividades realizadas, aludindo ao cumprimento dos obxectivos da subvención e á difusión do financiamento provincial.

- Certificación clasificada e detallada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores, documento de identidade fiscal (ou similar), documentos xustificativos, importes e datas de pago, no seu caso, indicando as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda, se as houbese.

- Copias cotexadas das facturas e demais documentación xustificativa, acreditativa dos gastos e pagos realizados en ambas as anualidades. Os orixinais deberán levar estampada a dilixencia que indique o financiamento provincial. Os gastos imputados á beneficiaria, segundo o orzamento que figura no anexo, poderán xustificarse mediante certificación clasificada e detallada suscrita polo seu representante legal. Así mesmo, os gastos de administración, xestión e seguimento derivados da execución do proxecto poderán xustificarse mediante certificación suscrita polo seu representante legal.

- Certificación da aprobación polo órgano competente das facturas e demais documentación xustificativa presentada.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Extracto de movementos da conta bancaria específica para a xestión dos fondos do proxecto.

- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial, para o que a OEI poderá utilizar os modelos e formularios que teña establecidos.

2. Non se poderán realizar pagos anticipados se a beneficiaria ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras distintas, ou se non xustificou dentro do prazo previsto.

3. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o tipo de cambio aplicable en función das datas de realización das transferencias ao terreo. Todos os pagos que realice a Deputación serán en moeda euro.

### **SÉTIMA. TERMO PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas na cláusula primeira, deberán estar finalizadas e xustificadas nos prazos que se indican na seguinte táboa:

ANUALIDADE	TERMO PARA A REALIZACIÓN	PRAZO DE XUSTIFICACIÓN
2011	30.03.2012	30.06.2012
2012	30.03.2013	30.09.2013

2. De conformidade co disposto no artigo 70,3 do Regulamento da lei xeral de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este último prazo sen que se reciba xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que o presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable. Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6.a das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

### **OITAVA. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS**

1. Con carácter previo á sinatura do presente convenio, e igualmente con carácter previo á realización dos pagos que procedan, a entidade beneficiaria deberá estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Deputación Provincial da Coruña, así como coa Seguridade Social, salvo que, por non ter actividades en España, non sexa preciso tal acreditación.

2. A acreditación do cumprimento das devanditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que os obteña telematicamente.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

### **NOVENA. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmete mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

## **DÉCIMA. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leve a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **DÉCIMO PRIMEIRA. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na base 55.6.a das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención, co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada, co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada, co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **DÉCIMO SEGUNDA. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.
2. Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es)
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **DÉCIMO TERCEIRA. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura, con efectos retroactivos desde o 01.01.2011, e conservará a súa vixencia ata o 31.12.2013.
2. Despois de solicitude da entidade beneficiaria, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

## **DÉCIMO CUARTA. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da entidade beneficiaria, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo da Deputación da Coruña do 25 de marzo de 2011

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación da Coruña

O secretario xeral da OEI

D. Salvador Fernández Moreda

D. Álvaro Marchesi Ullastres

## ANEXO

### ORZAMENTO DETALLADO

RESULTADOS E ACTIVIDADES	ANO 1		ANO 2		TOTAL
	DEPUTACIÓN OEI		DEPUTACIÓN OEI		
<b>R.1. IDENTIFICADAS EXPERIENCIAS EDUCATIVAS INNOVADORAS E CREATIVAS NO PAÍS E NA REXIÓN</b>					
<b>I.1. Mapeo de experiencias innovadoras e creativas</b>					
Equipo docente investigador		2.400,00			2.400,00
<b>I.2. Publicación do Mapeo de experiencias innovadoras e creativas no país e a rexión</b>					
Publicación (impresión, deseño e diagramación)	2.000,00				2.000,00
<b>R.2. FORTALECIDAS AS PRÁCTICAS EDUCATIVAS QUE DESENVOLVEN O PENSAMENTO INNOVADOR NA AULA</b>					
<b>2.1. Actividades formativas de estratexias para o desenvolvemento do pensamento innovador na aula / Seminario Internacional</b>					
2 Especialistas internacionais (pasaxe, hotel, viáticos) Canadá e España	8.000,00				8.000,00
1 Especialista rexional (Arxentina) (pasaxe, hotel, viáticos)	1.500,00				1.500,00
Traslados de participantes do interior do país		3.000,00			3.000,00
Papelería e outros insumos	2.000,00				2.000,00
Difusión	1.500,00				1.500,00
Locais e equipamento evento		2.000,00			2.000,00
<b>R.3. IMPULSADO O INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN E COÑECEMENTOS VINCULADOS COA XERACIÓN DE CONTORNAS CREATIVAS E INNOVADORAS DE APRENDIZAXE</b>					
<b>3.1. Web / Rede virtual de docencia innovadora e creativa</b>					
Técnico informático (deseño e actualización de contidos)		4.000,00		4.000,00	8.000,00
Docente dinamizador		3.600,00		3.600,00	7.200,00
<b>3.2. Intercambio de estudantes en centros universitarios seleccionados polas súas prácticas innovadoras</b>					
Organización e formalización de mecanismo de intercambio de estudantes (acordos con universidades, mecanismos de selección de estudantes) : Stagge / Estancias no exterior (pasaxes, aloxamento e manutención)	18.000,00		18.000,00		36.000,00
<b>3.3. Formación continua</b>					

Posgrao especialización en Contornas Virtuais de Aprendizaxe: 60 participantes (pago de titores, elaboración de materiais, maquetación de unidades, mantemento plataforma virtual ...)	12.000,00	2.000,00	12.000,00	2.000,00	28.000,00
Traslados de participantes do interior do país á instancia presencial		1.000,00		1.000,00	2.000,00
<b>3.4. Encontro Iberoamericano Experiencias innovadoras e creativas</b>					
Relatores rexionais (Arxentina, Chile, Brasil)			5.000,00		5.000,00
Relatores internacionais (España)			4.000,00		4.000,00
Local e equipamento				3.000,00	3.000,00
Papelería e outros insumos			2.000,00		2.000,00
Difusión			1.500,00		1.500,00
Traslados de participantes do interior do país				2.000,00	2.000,00
<b>3.5. Publicación achegas e relatorios do encontro</b>					
Publicación (impresión, deseño e recompilación de contidos)			2.500,00	1.000,00	3.500,00
<b>4. COORDINACIÓN PROXECTO</b>					
Coordinador	30.000,00		30.000,00		60.000,00
Persoal administrativo/contable	15.740,74		15.740,74		31.481,48
Persoal de apoio para os eventos		2.000,00		3.000,00	5.000,00
<b>5. INSTITUTO</b>					
Asistencia técnica		5.000,00		5.400,00	10.400,00
<b>6. GASTOS DE ADMINISTRACIÓN, XESTIÓN E SEGUIMENTO</b>	9.259,26		9.259,26		18.518,52
<b>TOTAL</b>	<b>100.000,00</b>	<b>25.000,00</b>	<b>100.000,00</b>	<b>25.000,00</b>	<b>250.000,00</b>

## **28.-APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO PLAN DE PENSIÓNS.**

De conformidade coa proposta da Comisión de Control do Plan de Pensións e vistos os informes favorables dos xefes dos Servizos de Planificación e Xestión de Recursos Humanos e de Patrimonio e Contratación (conformado por Secretaría Xeral) e Intervención,

aprobar a prórroga do contrato de servizos consistente na implantación, posta en marcha e xestión dun Plan de pensións para o persoal da Deputación Provincial da Coruña cuxo prego foi aprobado pola Corporación en sesión realizada polo Pleno o 25 de outubro de 2002 e adxudicado polo Pleno da Corporación o 30 de decembro de 2002 á entidade xestora “Bia Galicia de Seguros y Reaseguros S. A.” (agora denominada CXG AVIVA Corporación Caixa Galicia de Seguros y Reaseguros, S. A., CIF: A15140387) e sendo a entidade depositaria Caixa de Aforros de Galicia (CAIXA GALICIA, CIF: G15028947) (actualmente denominada Caixa de Aforros de Galicia, Vigo, Ourense e Pontevedra (NOVACAIXAGALICIA, CIF: G70270293).

A comisión de depósito e xestión que constitúe o prezo do contrato queda establecida durante o período de prórroga no 0,05% do valor nominal do patrimonio custodiado (a de depósito) e o 0,15% do patrimonio do fondo de pensións para a xestión, quedando o seu aboamento supeditado á súa cuantificación e á existencia previa de crédito nas aplicacións orzamentarias 0203/221A/127 e 0203/221<sup>a</sup>/137 polo exercicio 2012.

O prazo da prórroga (un ano) queda establecido dende o 8 de abril de 2011 ata o 7 de abril de 2012, rexéndose a prórroga polo prego de cláusulas administrativas aprobado e as correspondentes especificacións técnicas do plan.

## **29.-CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE PRENSA DA CORUÑA PARA FINANCIAR O PROXECTO “ESTUDO DO NOME DAS RÚAS. XORNALISTAS NAS RÚAS DE FERROL”.**

Aprobar o convenio coa Asociación de Prensa da Coruña correspondente á subvención nominativa, por importe de 30.000 €, concedida para financiar o proxecto “Estudo do nome das rúas. Xornalistas nas rúas de Ferrol”, cun orzamento subvencionado de 37.500 €, de acordo co seguinte texto:

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación da Prensa da Coruña para financiar o proxecto *Estudo do nome das rúas. Xornalistas nas rúas de Ferrol*”

A Coruña,

### REUNIDOS

D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación Provincial da Coruña

D. Manuel González Menéndez, presidente da Asociación da Prensa da Coruña

Actúan no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que teñen, e recoñécense reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

### MANIFESTAN

1.- De conformidade coa Lei 8/1995 do patrimonio cultural de Galicia que establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia, a Deputación Provincial da Coruña está comprometida coa conservación, mantemento e difusión de todo o referente ao patrimonio cultural galego, e moi especialmente coa súa lingua e literatura.

2.- A Asociación da Prensa da Coruña, dentro das actividades dirixidas ao rescate da memoria dos principais creadores xornalísticos e literarios da cidade e de Galicia, está a realizar unha liña especializada de publicacións, sobre a presenza dos xornalistas nos rueiros das cidades, cunha dobre finalidade: a posta en valor do coñecemento de xornalistas e a súa implantación social a través dos rueiros das cidades.

3.- Como continuación do traballo iniciado no ano 2008 co tomo dedicado aos xornalistas no rueiro da cidade da Coruña, e que seguiu en 2009, co dedicado aos xornalistas de Santiago de Compostela, neste ano vaise realizar o estudo sobre o nome das rúas na cidade de Ferrol.

Con este proxecto preténdese salientar o papel de determinados xornalistas que fixeron historia no só no mundo da comunicación, tamén no ámbito da cultura galega nos dous últimos séculos, especialmente os máis vinculados ao rexurdimento galego a fins do século XIX e principios do XX.

4 - A Deputación Provincial da Coruña e a Asociación da Prensa da Coruña coinciden en valorar positivamente esta liña de publicacións polo que, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar un convenio con arranxo ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación da Prensa da Coruña para financiar o proxecto *Estudo do nome das rúas. Xornalistas nas rúas de Ferrol* que se realizará nas seguintes fases:

- \* Localización e avaliación dos personaxes
- \* Busca documental: literaria e gráfica
- \* Elección de autores dos textos
- \* Realización do material gráfico actual: localización das rúas
- \* Elaboración da premaqueta e infografía
- \* Redacción de textos
- \* Edición e impresión
- \* Distribución

### II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria

A Asociación da Prensa da Coruña desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Redacción, colaboracións	5.500.-
Documentación, materiais	2.500.-
Fotografía, infografía	5.000.-
Deseño, maquetación	4.500.-
Edición	11.000.-
Distribución	7.000.-
Varios	2.000.-
<i>Total</i>	<i>37.500 €</i>

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 30.000 €, o que representa unha porcentaxe do 80 %.

No caso de que a gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación da Prensa da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación da Prensa da Coruña.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación da Prensa da Coruña, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 12.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación da Prensa da Coruña deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, deberase xustificar expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

## V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación da Prensa da Coruña.

## VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación da Prensa da Coruña unha vez que se presente a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación, subscripta polo representante legal da Asociación da Prensa da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido na cláusula oitava.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas, polo menos, tres meses antes

do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación da Prensa da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación da Prensa da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación da Prensa da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación da Prensa da Coruña na documentación subministrada.

Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Asociación da Prensa da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- A Asociación da Prensa da Coruña deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

## IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- A Asociación da Prensa da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación da Prensa da Coruña deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación da Prensa da Coruña poderá ser escollida pola Intervención provincial para realizar un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación da Prensa da Coruña queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

## XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación da Prensa da Coruña serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación da Prensa da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de outubro de 2011 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de xaneiro de 2010.

2.- Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e

Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución da Presidencia nº --

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento. “

### **30.-CONVENIO CO CONCELLO DA CORUÑA PARA FINANCIAR O PROGRAMA A CORUÑACULTURA 2011.**

Aprobar o convenio co Concello da Coruña correspondente á subvención nominativa, por importe de 200.000 €, concedida para o financiamento do Programa ACoruñaCultura 2011, cun orzamento subvencionado de 250.000 €, de acordo co seguinte texto.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña para o financiamento do *Programa ACoruñaCultura 2011*”

A Coruña,

#### REÚNENSE

D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación da Coruña.

D. Javier Losada de Aspiazu, alcalde do Concello da Coruña.

#### MANIFESTAN

1.- Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

2.- Que a Concellaría de Cultura do Concello da Coruña entende que a actividade dos poderes públicos no campo da promoción cultural ten como primeira finalidade favorecer o acceso á cultura de toda a cidadanía en condicións de igualdade, mais, tamén, a conservación, recuperación e posta en valor do patrimonio cultural, incluído o inmaterial, no campo da escrita, as artes escénicas e a música.

3.- Consonte co anterior, a Concellaría de Cultura organiza o Programa *ACoruñaCultura*, cos seguintes obxectivos:

\* A posta en valor do rico patrimonio cultural da cidade, dando a coñecer a súa historia, a arquitectura, a Coruña literaria, a música...

\* A promoción das producións culturais e do noso potencial creativo, en especial da xente máis nova.

\* O incremento da oferta cultural con vocación maioritaria, atendendo ás derradeiras tendencias, nun diálogo permanente coa nosa tradición.

\* A participación activa da cidadanía, non só como espectadora, senón como produtora e creadora.

\* Facilitar recursos e medios ao tecido asociativo da cidade para que poidan desenvolver a súa programación cultural que completa á institucional.

\* Esfuerzo na comunicación e medios para a difusión adecuada da actividade cultural.

\* Achegar a cultura a escenarios diversos que faciliten o acceso de todos os públicos.

4.- Que a Deputación da Coruña, entre cuxas competencias está o fomento da actividade cultural, e a difusión do patrimonio histórico e monumental, é consciente da importancia do *Programa ACoruñaCultura* proposto polo Concello da Coruña e, por iso, no presuposto aprobado polo Pleno da Corporación, foi incluída unha subvención nominativa destinada ao seu financiamento.

5.- Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña (CF:P1503000J) para financiar o *Programa ACoruñaCultura 2011*, coas seguintes áreas e contidos:

### ARTES PLÁSTICAS

#### \* *Programacións interdisciplinares*

Obradoiros con artistas  
Mesas redondas  
Conferencias  
Visitas guiadas

#### \* *Outonoarte*

Proposta xa consolidada como mostra da arte contemporánea máis vangardista, na que teñen participado máis dun centro de artistas.

#### \* *Baixo as estrelas*

Programa de actividades para celebrar o Día Internacional dos Museos no que participan os museos da cidade, galerías de arte, salas de exposicións, asociación de artistas e fundacións e que inclúe concertos, danza, teatro, concurso de pintura “Cidade Vella”, audiovisuais, roteiros...

## ACTIVIDADE MUSICAL

### \* *ACoruñaSon*

Trátase dun certame dirixido a animar e difundir a creación da canción popular en galego no que os autores presentan os seus traballos na páxina web e participan en obradoiros de formación, un concerto colectivo e a gravación dun disco coas cancións gañadoras.

### \* *Sala O Túnel*

Trátase dunha nova sala de concertos que permitirá a dinamización de propostas musicais novas.

## ARTES ESCÉNICAS

### \* *Maxia de rúa*

Participación de magos de varios países con espectáculos nas rúas, prazas e xardíns da cidade durante o mes de setembro.

### \* *Festival galego de cabaré*

Durante o mes de outubro celebraranse espectáculos de rúa e sala, exposicións, obradoiros e cinema relacionado co xénero.

### \* *Danza*

Ademais das programacións habituais celebraranse espectáculos en espazos singulares, en diálogo con outras expresións artísticas.

## ARREDOR DO LIBRO E A LECTURA

Campaña de fomento e difusión do libro e a lectura ao longo dos meses de abril e maio, cunha programación ampla de actividades realizadas coa colaboración da federación de Librerías da cidade e das Bibliotecas Municipais.

## A CORUÑA LITERARIA

### \* *IV Encontro Cidade da Coruña. As viaxes na literatura*

Organizado coa Asociación de Escritores en Lingua Galega, este encontro celebrarase na sede da Real Academia Galega durante os meses de abril e maio e reunirá, nun ciclo de conferencias, a grandes escritores.

### \* *Ciclo de poesía "Poetas di(n)versos"*

Cita coa poesía peninsular na que unha vez ao mes, ao longo de oito meses, dous poetas de recoñecido prestixio, un de Galicia e outro de fóra, ofrecen un recital.

### \* *Roteiros literarios pola cidade*

Pretende descubrir a relación de Rosalía de Castro coa cidade.

## ACHEGARTE

Espazo que reúne aos distintos sectores da nosa cultura: creadores, produtores, distribuidores...o tecido cultural no seu conxunto para achegar a todos os públicos unha visión ampla e global da nosa riqueza creativa.

## PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA ACTIVIDADE CULTURAL

Ademais da publicidade correspondente a cada actividade concreta, publícase un boletín con toda a programación cultural, cada dous meses e na rede, a través de QUE +.

### II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Concello da Coruña

O Concello da Coruña desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Actuacións escénicas, musicais e artistas plásticos	72.000.-
Deseño, comisariado e realización de exposicións	42.000.-
Conferenciantes e relatores	32.000.-
Viaxes e aloxamento	22.500.-
Servizos técnicos e profesionais	29.000.-
Deseño gráfico, impresión e difusión	27.000.-
Edicións	12.000.-
Material funxible	4.500.-
Outros gastos de funcionamento	9.000.-
<b>Total</b>	<b>250.000 €</b>

Estes orzamentos correspóndense a gastos correntes: planificación, organización e xestión, elaboración de materiais divulgativos, deseño gráfico, impresión e difusión, honorarios de conferenciantes, relatores e artistas, deseño, realización, montaxe e comisariado das exposicións, realización de materiais audiovisuais e materiais funxibles.

### III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 200.000 €, o que representa unha porcentaxe do 80 %.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/46201, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- Contratación e execución

1.- Corresponderalle ao Concello da Coruña o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2.- No procedemento de contratación, o Concello da Coruña axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

#### V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello da Coruña.

#### VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Concello da Coruña do seguinte xeito:

*Primeiro prazo*, por importe de 120.000 €, co carácter de anticipo prepagable a xustificar, logo da presentación da seguinte documentación:

\* Certificación dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresas adxudicatarias, importes dos contratos e prazos de execución.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

*Segundo prazo*, por importe de 80.000 € ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificadas, logo da presentación da seguinte documentación:

\* Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

\* Certificación expedida polo interventor ou polo secretario do Concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e CIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

\* Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se fixera das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

2.- Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

3.- Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas, polo menos, tres meses antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

#### VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1.- O Concello da Coruña deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio.

#### IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- O Concello da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

## X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello da Coruña poderá ser escollido pola Intervención provincial para realizar un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello da Coruña queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidas nas normas citadas e na Base 55<sup>a</sup> das de execución do orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 55<sup>a</sup>.- 6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400

€, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

## XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello da Coruña serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de xaneiro de 2011.

2.- Logo da solicitude do Concello da Coruña, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

## XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de

subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello da Coruña, respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución da Presidencia nº

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

### **31.-CONVENIO CO CONCELLO DE CULLEREDO PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES NOS MUSEOS MUNICIPAIS NO ANO 2011.**

Aprobar o convenio co Concello de Culleredo correspondente á subvención nominativa, por importe de 30.000 €, concedida para financiar o Programa de actividades nos Museos Municipais no ano 2011, cun orzamento subvencionado de 53.200 €, de acordo co seguinte texto.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo para o financiamento do *Programa de actividades dos Museos Municipais no ano 2011*”

A Coruña,

#### REÚNENSE

D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación da Coruña.

D. Julio Sacristán de Diego, alcalde-presidente do Concello de Culleredo.

#### MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación da Coruña, entre cuxas competencias está o fomento da actividade cultural, a posta en valor dos espazos naturais, a difusión do patrimonio histórico e monumental, é consciente da importancia do labor que os espazos museísticos e culturais de Culleredo desenvolven, non só no ámbito local senón con influencia en toda a comarca das Mariñas e na provincia coruñesa.

Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Concello de Culleredo acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

#### CLÁUSULAS

##### I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Culleredo para financiar o *Programa de actividades dos Museos Municipais no ano 2011*.

Esta programación desenvólvese nas instalacións seguintes:

- \* Complexo dos Muíños de Acea de Ama:  
Sala de exposicións “Xosé Rey Lago”  
Museo dos Muíños “Andrés Pan Vieiro”
- \* Aula de Natureza “Juan Lembeye Lartaud”, no Xardín Botánico Ría do Burgo
- \* Museo Etnográfico “Torre de Celas”
- \* Edificio de Servizos Múltiples do Burgo

Nestas instalacións realízanse exposicións de pintura, gravado, escultura, fotografía, bibliográficas, de ecoloxía, temas ambientais, artesanía, reciclaxe, etc.; concursos de artes plásticas; conferencias; ciclos de música; cursos; visitas guiadas; publicacións; premios literarios e o Seminario de Historia de Culleredo.

## II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Concello de Culleredo

O Concello de Culleredo desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Docencia	3.399,39.-
Hospedaxe, manutención, viaxes	1.000,00.-
Material didáctico, de oficina e publicitario	1.200,00.-
Seguros e seguridade	1.000,00.-
Mantemento, limpeza e reparacións	5.000,00.-
Persoal	40.600,61.-
Publicacións	1.000,00.-
Total	53.200,00 €

## III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 30.000 €, o que representa unha porcentaxe do 56,39 %.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/333A/46201, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Culleredo obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- Contratación e execución

1.- Corresponderalle ao Concello de Culleredo o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Culleredo axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

#### V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Culleredo.

#### VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1.- Coa posibilidade establecida no disposto na Base 56º das de execución do orzamento para o ano 2011, ata o 60 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se expedirá un primeiro pagamento a prol do Concello de Culleredo pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

\* Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula oitava.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

2.- Rematada completamente a realización da actividade, aboarase o 40 % restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

\* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Concello de Culleredo, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido na cláusula oitava.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

\* Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

3.- Deberá acreditar terlle aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

4.- Se transcorreran máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Culleredo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas, polo menos, tres meses antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Culleredo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Culleredo para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Culleredo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

#### VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1.- O Concello de Culleredo deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

#### IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- O Concello de Culleredo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

#### X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co establecido nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Culleredo poderá ser escollido pola Intervención provincial para realizar un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Culleredo queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas e na Base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o

atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Culleredo serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Culleredo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de xaneiro de 2011.

2.- Logo da solicitude do Concello de Culleredo, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Culleredo, respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecidas na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución da Presidencia nº

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

## **32.-CONVENIO COA FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA PARA PROMOCIÓN MUSICAL DE BANDAS, CORAIS E GRUPOS DE CÁMARA: PROGRAMA OUTRA+OUTRA 2011.**

Aprobar o convenio coa Fundación Paideia Galiza correspondente á subvención nominativa, por importe de 34.800 €, concedida para a promoción musical de bandas, corais e grupos de cámara: “Programa Outra+Outra 2011”, cun orzamento subvencionado de 52.590,24 €, de acordo co seguinte texto:

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Paideia Galiza para promoción musical de bandas, corais e grupos de cámara: *“Programa Outra+Outra 2011”*”.

A Coruña,

### REUNIDOS

D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación da Coruña, actúa en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

Dona Rosalía Mera Goyenechea, presidenta da Fundación Paideia Galiza.

### EXPOÑEN

- 1.- Que ambas as dúas entidades teñen unha especial sensibilidade para realizar actividades que contribúan ao desenvolvemento cultural de Galicia.
- 2.- Que a Deputación Provincial da Coruña, de conformidade cos art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, que establece como competencia propia das deputacións o fomento dos intereses peculiares da provincia, e a organización de actividades que teñan por obxecto o fomento en materia de cultura, ten un programa de actuacións musicais e teatrais para grupos artísticos da provincia, orientado ao fomento da cultura nese campo.
- 3.- Que a Fundación Paideia Galiza, constituída como entidade sen ánimo de lucro, e recoñecida de interese galego, ten entre os seus obxectivos fundacionais a promoción e a realización de actividades de interese educativo, cultural e outras de análogo interese humano e social.

Así mesmo, na actualidade leva a xestión do proxecto "Mans", un Centro de Iniciativas Empresariais que se sitúa no Polígono de POCOMACO, para potenciar a cultura empresarial innovadora na provincia da Coruña, favorecendo actividades como a audiovisual ou a de creación musical.

4.- Que a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Paideia Galiza consideran que as programacións de ambas entidades, neste ámbito, son complementarias polo que, coa finalidade de potenciar as iniciativas que axuden á promoción das actividades musicais, acordan establecer un convenio de colaboración dirixido a fomentar o desenvolvemento estratéxico do sector da música e apoiar as formacións musicais; o convenio rexerese polas seguintes.

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Paideia Galiza para a promoción da actividade musical mediante o cofinanciamento dun programa de gravacións dirixido ás bandas, corais, grupos de cámara e agrupacións musicais da provincia, incluídas na Rede Cultural da Deputación denominado “*Outra + Outra 2011*”.

O programa supón a realización dun total de 12 gravacións e a edición de 1.030 copias en CD de cada gravación.

O programa obxecto do presente convenio desenvolverase de acordo coas seguintes fases:

1ª fase: as agrupacións musicais solicitarán a participación neste proxecto, farán constar expresamente o seu compromiso de asumir a porcentaxe do custo total que lles corresponde.

Será condición para poder participar neste proxecto que a agrupación estea incluída na Rede Cultural da Deputación no ano 2011 ou 2012.

2ª fase: comprobadas as solicitudes pola comisión mixta, esta seleccionará ás doce que considere máis axeitadas, de acordo cos seguintes criterios:

- ❖ Interese do currículo do grupo.
- ❖ Antigüidade do grupo.
- ❖ Características que se adapten ao tipo de servizo de gravación que se oferta.

3ª fase: Despois de finalizar a gravación e de tramitar o depósito legal, a Fundación Paideia Galiza fará entrega de 1.000 copias do CD a cada agrupación musical.

### II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria

A Fundación Paideia Galiza desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Gravación, incluíndo mestura, masterización, piano,

cátering e deseño do CD	36.721,32.-
Edición dos CD, incluíndo dereitos de autor e multicopiado en fábrica	15.868,92.-
Total	52.590,24 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 34.800 €, o que representa unha porcentaxe do 66,17 %.

No caso de que a gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 66,17 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación non será compatible coas achegas doutras entidades públicas ou privadas.

O restante 33,83 % será subministrado directamente á Fundación Paideia Galiza por cada grupo, na maneira que nos contratos que se subscriban entre a Fundación e cada un dos grupos, se estipule.

IV.- Obrigas das partes

1.- Obrigas da Deputación da Coruña:

\* Realizar a difusión do programa.

\* Formar parte da comisión que se constituirá para a selección das agrupacións que poidan resultar beneficiarias das axudas provenientes deste convenio de colaboración.

\* Achegar o importe correspondente ao 66,17 % do custo da gravación, da tramitación das cotas correspondentes ante a SGAE e da obtención do depósito legal, así como da entrega das 1.030 unidades dos CD gravados.

## 2.- Obrigas da Fundación Paideia Galiza:

- \* Recibir as solicitudes das agrupacións musicais para participar no programa.
- \* Formar parte da comisión que se constituirá para a selección das agrupacións que poidan resultar beneficiarias das axudas provenientes deste convenio de colaboración.
- \* Ceder a cada unha das doce agrupacións musicais seleccionadas unha sala de gravación no CIE “Mans” durante un día.
- \* Realizar a edición, mestura e masterización, en sistema de gravación a disco duro ProTools HD3.
- \* Poñer a disposición das agrupacións musicais un piano, encargándose da súa afinación.
- \* Poñer a disposición das agrupacións musicais un servizo de catering.
- \* Tramitar a documentación administrativa necesaria e esixida pola lexislación da propiedade intelectual, en concreto a tramitación do depósito legal e a xestión dos dereitos correspondentes diante da SGAE (incluído o aboamento de tarifas).
- \* Realizar o deseño gráfico dos CD, e o seguimento da fotomecánica.
- \* Xestionar a marca discográfica e a de fábrica.
- \* Entregar 1.000 copias do CD gravado a cada agrupación musical.
- \* Entregar 25 copias de cada CD gravado á Deputación provincial.
- \* Entregar 3 copias de cada CD gravado ao Depósito Legal.
- \* Dispoñer de 2 copias de cada CD gravado para os efectos de arquivo.

## V.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Paideia Galiza.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación Paideia Galiza, nin con calquera outra na que concorran algunhas das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 12.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación Paideia Galiza deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos

a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas, de acordo con criterios de eficiencia e economía, deberase xustificar expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### VI.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Paideia Galiza.

#### VII.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Paideia Galiza unha vez que se presente a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Paideia Galiza, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que se presentou como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido na cláusula oitava.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula sexta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

#### VIII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas, polo menos, tres meses antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo cuarta.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Paideia Galiza deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sétima no prazo máximo dun mes contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo cuarta.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Paideia Galiza para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación Paideia Galiza da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Paideia Galiza.

Se transcorreran máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Fundación Paideia Galiza terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### IX.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- A Fundación Paideia Galiza deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

#### X.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- A Fundación Paideia Galiza destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Paideia Galiza deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### XI.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Paideia Galiza poderá ser escollida pola Intervención provincial para realizar un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Paideia Galiza queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XII.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidas nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do

importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XIII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Paideia Galiza serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Paideia Galiza será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIV.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de xaneiro de 2011.

2.- Logo da solicitude da Fundación Paideia Galiza realizada, polo menos, dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### XV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº  
---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento. “

### **33.-CONVENIO CO CONCELLO DE PORTO DO SON PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO CASTRO DE BAROÑA NO ANO 2011.**

Aprobar o convenio co Concello de Porto do Son correspondente á subvención nominativa, por importe de 30.000 €, concedida para financiar o Programa de actividades do Centro de Interpretación do Castro de Baroña no ano 2011, cun orzamento subvencionado de 37.500 €, de acordo co seguinte texto.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Porto do Son para financiar o *Programa de actividades do Centro de Interpretación do Castro de Baroña no ano 2011*.

A Coruña,

#### REÚNENSE

D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación da Coruña

D. Pastor Rodríguez Santamaría, alcalde-presidente do Concello de Porto do Son

#### MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación da Coruña, entre cuxas competencias está o fomento da actividade cultural, a posta en valor dos espazos naturais, a difusión do patrimonio histórico e monumental, é consciente da importancia do labor que desenvolve o Centro de Interpretación do Castro de Baroña, non só no ámbito local senón con influencia en toda a bisbarra do Barbanza.

Que, de acordo coas consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Concello de Porto do Son acordan subscribir o presente convenio de colaboración segundo as seguintes

#### CLÁUSULAS

##### I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Porto do Son para financiar o *Programa de actividades do Centro de Interpretación do Castro de Baroña no ano 2011*, coas seguintes áreas e contidos:

### Actividades:

- \* Traballo de campo cos centros de ensino para que coñezan o Centro.
- \* Visitas guiadas ao Castro de Baroña e aos petróglifos do concello.
- \* Impulsar o respecto ao patrimonio arqueolóxico e potenciar o comportamento cívico que evite a súa degradación.
- \* Exposicións, conferencias e xornadas arredor do xacemento castrexo.
- \* Presentación de libros e iniciativas culturais.
- \* Participación no Itinerario Arqueolóxico Comarcal.

### Publicacións:

- \* Volume IV da Colección Castro de Baroña.

### Promoción:

- \* Celebración da Feira Castrexa 2011.
- \* Curso de iniciación á cestería tradicional.

### Infraestruturas:

- \* Sinalización de xacementos: petróglifos, mámoas, antas e outros elementos arquitectónicos e etnográficos.
- \* Melloras nos accesos aos xacementos.

## II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Concello de Porto do Son

O Concello de Porto do Son desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Persoal	19.229,16.-
Feira Castrexa 2011	12.170,84.-
Sinalización de xacementos de interese cultural e mellora accesos	2.000,00.-
Trípticos, cadernos de campo, roteiros, xornal e material de oficina	1.000,00.-
Curso de iniciación á cestería tradicional	600,00.-
Publicación do volume IV da colección Castro de Baroña	2.500,00.-
Total	37.500,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 30.000 €, o que representa unha porcentaxe do 80 %.

No caso de que a gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/333A/46201, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Porto do Son obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución

1.- Corresponderalle ao Concello de Porto do Son o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización dos traballos obxecto deste convenio.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Porto do Son axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.-O Concello de Porto do Son comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como informática e audiovisual) correspondente ás actividades do Centro de Interpretación do Castro de Baroña e na súa páxina web.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Porto do Son.

## VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Porto do Son do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe do 60% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar, logo da presentación da seguinte documentación:

\* Certificación dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresas adxudicatarias, importes dos contratos e prazos de execución.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

Segundo prazo, por importe de 40 % da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificadas, logo da presentación da seguinte documentación:

\* Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

\* Certificación expedida polo interventor ou polo secretario do Concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e CIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

\* Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se fixera das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

2.- Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

3.- Se transcorreran máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Porto do Son terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas polo menos tres meses antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Porto do Son deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Porto do Son para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Porto do Son da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

#### VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1.- O Concello de Porto do Son deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderase realizar mediante a declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

#### IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- O Concello de Porto do Son destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

#### X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Porto do Son poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Porto do Son queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei

9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidas nas normas citadas e na Base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Porto do Son serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Porto do Son será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [dicoruna.es](http://dicoruna.es)

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de xaneiro de 2011.

2.- Logo da solicitude do Concello de Porto do Son realizada, polo menos, dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Porto do Son, respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución da Presidencia nº

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento. “

**34.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE CARIÑO EN MATERIA DE RECADACIÓN EN PERÍODO EXECUTIVO DE TRIBUTOS, PREZOS PÚBLICOS E CALQUERA OUTRO INGRESO PÚBLICO DE CARÁCTER NON PERIÓDICO OU DE PERIODICIDADE INFERIOR AO ANO.**

Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Cariño en relación coa seguinte materia:

- Recadación en período executivo de tributos, prezos públicos e calquera outro ingreso de dereito público de carácter non periódico ou de periodicidade inferior ao ano.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

**35.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE CARNOTA EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS.**

Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Carnota en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto de delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

**36.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE LAXE EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS.**

Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Laxe en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto de delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

**37.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE TOQUES EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN DA TAXA POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS.**

Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Toques en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

**38.-BASES PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS EN MATERIA DE SANCIONS POR INFRACCION DAS NORMAS SOBRE TRAFICO, CIRCULACION DE VEHICULOS DE MOTOR E SEGURIDADE VIARIA E DA TAXA POLA UTILIZACION PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS AOS CONCELLOS QUE NON TEÑAN DELEGADA A XESTION TRIBUTARIA E A RECADACION DOS IMPOSTOS MUNICIPAIS OBRIGATORIOS.**

1º) Aprobar inicialmente as bases para a prestación de servizos en materia de sancions por infraccion das normas sobre trafico, circulacion de vehiculos a motor e seguridade viaria e da taxa pola utilizacion privativa ou aproveitamentos especiais para os concellos que non teñan delegada a xestion tributaria e a recadacion dos impostos municipais obrigatorios, co contido seguinte:

**BASE PRIMEIRA: OBXECTO**

A Deputación Provincial da Coruña asumirá as competencias relacionadas na base terceira, por delegación expresa dos concellos que non teñen delegada a xestión, inspección e recadación dos tributos obrigatorios e que así o acorden, con adhesión particular e expresa de cada concello ás presentes bases.

**BASE SEGUNDA: RÉXIME XURÍDICO**

O exercicio das competencias obxecto destas bases rexeráse en primeiro termo pola presente norma e, ademais en todo o que non se opoña, contradiga ou resulte incompatible con elas, polo disposto en:

- a base segunda das bases para a prestación de servizos en materia de sancions por infraccion das normas sobre trafico, circulacion de vehiculos de motor e seguridade viaria aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión celebrada o día 26 de xuño de 2009.

- e a base segunda das bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia, aprobadas por acordo plenario do 29 de xuño de 2001 e modificadas por acordo plenario do 28 de maio de 2010.

**BASE TERCEIRA: CONTIDO E ALCANCE DA DELEGACION**

A Deputación asumirá as seguintes competencias:

1ª) A recadación voluntaria e executiva das sancions municipais por infraccions da Lei sobre trafico, circulacion de vehiculos de motor e seguridade viaria.

En particular, en materia de recadación, será competencia da Deputación no exercicio das seguintes funcións:

- ÿ Tramitación, concesión e posterior seguimento de aprazamentos e/ou fraccionamentos de pago.
- ÿ Declaración de insolvencias e de créditos incobrables.
- ÿ Representación do concello nos procedementos xudiciais de quebra ou suspensión de pagos nos que resulte afectado algún expediente executivo.

2ª) A instrución dos expedientes sancionadores por denuncias cursadas polos concellos no ámbito das súas competencias, por infracción da normativa de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria. Tamén instruirá os expedientes de interposición de recursos administrativos contra as resolucións sancionadoras e representará os concellos nos recursos contencioso-administrativos que se presenten sobre esta materia.

Os concellos manterán a competencia para resolver os expedientes sancionadores e os recursos contra as resolucións sancionadoras.

A instrución dos expedientes levaraa a cabo a Unidade de Instrución de Sancións Municipais de Tráfico da Deputación (en diante UISMT), e actuará como xefe instrutor o xefe da mencionada unidade.

Os concellos colaborarán na instrución dos expedientes sancionadores emitindo os informes e realizando as probas que en cada expediente considere necesarios o seu instrutor.

3ª) A xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións que resulten de interese xeral. A xestión que pode ser obxecto de delegación, tanto lle pode afectar ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, consistente no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

#### BASE CUARTA: AVOCACIÓN

Os concellos poderán avocar para si, mediante comunicación escrita e razoada dirixida á Deputación, a tramitación de determinados expedientes en curso, debido a circunstancias tales como a repercusión económico-social que a súa execución puidese ter no municipio.

Neste suposto, a Deputación formulará a data das liquidacións afectadas e quedará exenta de calquera responsabilidade que puidese producirse no futuro

con respecto a elas. As ditas liquidacións non poderán ser cargadas de novo á Deputación para a continuación do procedemento.

**BASE QUINTA: LABORES ESPECÍFICOS DE AMBAS ADMINISTRACIÓN NO PROCEDEMENTO SANCIONADOR E NORMALIZACIÓN DAS INFRACCIÓNS E SANCIÓN.**

Neste punto, estarase ao disposto nas bases cuarta e quinta das Bases para a prestación de servizos en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión celebrada o día 26 de xuño de 2009.

**BASE SEXTA: SEGUIMENTO DOS EXPEDIENTES POLOS CONCELLOS**

As autoridades e funcionariado dos concellos debidamente autorizados e acreditados poderán facer o seguimento puntual dos expedientes, así como obter resultados globais e estatísticas de xestión, accedendo á aplicación informática da área Tributaria da Deputación; todo iso con suxeición a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e normativa de desenvolvemento.

**BASE SÉTIMA: TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DELEGADOS**

As taxas que han aboar os concellos delegantes serán recollidas na ordenanza fiscal número 5 da Deputación. O seu importe é o seguinte:

a) No caso das sancións municipais de tráfico:

Ŷ O 12,5% do importe recadado en concepto de sanción en período voluntario

Ŷ O 25% do importe recadado en concepto de sanción en período executivo.

b) No caso da taxa por utilización privativa ou aproveitamentos especiais:

Ŷ O 5% do importe das cotas recadadas en período voluntario.

Ŷ O 75% do importe das recargas de constrinximento recadadas en período executivo.

Ŷ O 50% do importe das sancións que se deriven da xestión e inspección da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo, ou voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións de interese xeral, recadadas en período voluntario e executivo. No caso de que os anteriores importes fosen recadados en período executivo, cobrarase tamén o 75% das recargas do período executivo.

## BASE OITAVA: RESULTADOS DA XESTIÓN RECADATORIA

Da recadación procedente das sancións de tráfico e da taxa por utilización privativa ou aproveitamentos especiais, xa sexa en período voluntario como en período executivo, practicaranse liquidacións provisionais de periodicidade trimestral.

No primeiro trimestre do exercicio seguinte, practicarase a liquidación anual e definitiva do exercicio anterior. O importe que se lle ha entregar a cada concello calcularase deducindo da recadación íntegra os seguintes importes:

- ÿ Liquidacións provisionais.
- ÿ Devolucións de ingresos indebidos
- ÿ Taxas por prestación dos servizos obxecto destas bases
- ÿ Outros importes que procedan, relacionados coas competencias delegadas, debidamente xustificadas.

## BASE NOVENA: COLABORACIÓN DOS CONCELLOS

De conformidade co disposto nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 8 da Lei reguladora das facendas locais e co obxecto de facilitar o exercicio das competencias delegadas na Deputación, os concellos deberanlle prestar a esta a colaboración necesaria, especialmente nos seguintes aspectos:

- ÿ A localización de suxeitos pasivos, contribuíntes, obrigados ao pago ou debedores en xeral, certificando ou informando respecto da súa veciñanza ou non no termo municipal, a posesión ou carencia de bens e o exercicio ou non de actividades económicas.
- ÿ Pór ao dispor dos Servizos Tributarios da Deputación os seus rexistros e bases de datos que conteñan información de interese tributario, respectando en todo caso o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e as súas normas de desenvolvemento.
- ÿ A exposición pública no taboleiro de anuncios do concello e outros lugares de costume, dos edictos que se diten no exercicio das competencias delegadas.
- ÿ Responder en prazo os requirimentos de información que, con ocasión da tramitación de calquera expediente, realice a Deputación.

## BASE DÉCIMA: PROCEDIMENTO DE DELEGACIÓN E ACEPTACIÓN

De acordo co disposto no artigo 106.3 da Lei 7/1985, de bases do réxime local e do artigo 7 do Texto refundido da lei de facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, o procedemento para formalizar a delegación das competencias obxecto destas bases será o seguinte:

- 1)Acordo de delegación de competencias, adoptado polo Pleno do Concello delegante.

- 2) Comunicación do acordo á Deputación.
- 3) Acordo de aceptación da delegación de competencias, adoptado polo Pleno da Deputación.
- 4) Publicación de ambos acordos (de delegación e aceptación) no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, para xeral coñecemento.

#### BASE UNDÉCIMA: VIXENCIA DA DELEGACIÓN

A delegación entrará en vigor desde o día seguinte ao da publicación do acordo de aceptación no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia e terá un período de vixencia de 10 anos, contados a partir de dita data e ata o 31 de decembro do ano en que se cumpra o devandito período de vixencia.

Este prazo de delegación poderá prorrogarse tacitamente por períodos iguais, se ningunha das partes comunica á outra, cun mínimo dun ano de antelación ao seu vencemento, o seu desexo de deixar sen efecto a delegación, o que deberá formalizalo o mesmo órgano e procedemento que levou a cabo a delegación.

#### BASE DUODÉCIMA: NORMAS DE DESENVOLVEMENTO

Facúltase ao presidente da Deputación para aprobar por resolución cantas normas fosen necesarias para o adecuado cumprimento e desenvolvemento das presentes bases”.

- 2º) A aplicación efectiva da base sétima quedará condicionada á modificación da Ordenanza fiscal número 5 desta Deputación relativa á taxa pola prestación dos servizos tributarios.
- 3º) Expoñer ao público as presentes bases por un prazo de trinta días. Se non houbera reclamacións durante o período de exposición ao público entenderase definitivo o acordo inicial agora adoptado. Se houbera reclamacións deberán resolverse e someter o texto deste acordo á aprobación definitiva do Pleno da Corporación.

### 39.-EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 2/2011.

Despois de examinar o expediente e máis a documentación que se presenta segundo o artigo 37 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, esta comisión adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2/2011 de competencia do Pleno, que se tramita dentro do vixente orzamento xeral, por un importe de **10.497.321,46** euros que ofrece o seguinte resumo:

#### **A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO**

##### **A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):**

C.E. Créditos extraordinarios	1.470.844,22
S.C. Suplementos de crédito	9.026.477,24
	10.257.321,46

**Total de aumentos: 10.497.321,46**

##### **A.2) Baixas (fontes de financiamento):**

R.X. Remanente de tesourería para gastos xerais:

B.A. Baixas por anulación: 240.000,00

**Total financiamento: 10.497.321,46**

#### **B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS**

##### **B.A.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos Ingresos**

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	0,00	
2. Gastos correntes	821.683,89	40.000,00
3. Gastos financeiros	0,0	
4. Transferencias correntes	1.746.052,39	200.000,00
6. Investimentos reais	4.538.344,65	
7. Transferencias de capital	2.064.709,93	
8. Activos financeiros	0,00	
9. Pasivos financeiros	1.326.530,60	
<b>TOTAL MODIFICACIÓNS</b>	<b>10.497.321,46</b>	<b>240.000,00</b>

##### **B.A.2 Resumo por capítulos do Estado**

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	
2. Impostos indirectos	
3. Taxas e outros ingresos.	
4. Transferencias correntes	
5. Ingresos patrimoniais	
6. Alleamento investimentos reais	
7. Transferencias de capital	
8. Act. Finan. Remanente de Tesourería	10.257.321,46
9. Pasivos financeiros	
<b>TOTAL MODIFICACIÓNS</b>	<b>10.257.321,46</b>

2º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulan reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presenten reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3º.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais, para dar cumprimento ao disposto no artigo 29.2 do Regulamento de desenvolvemento da lei de estabilidade presupostaria, aprobado polo Real decreto 1.463/2007, do 2 de novembro.

#### 40.-MODIFICACIÓN DAS SUBVENCIONS NOMINATIVAS RECOLLIDAS NA BASE 49 DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2011.

1º.- Modificación da Base 49ª de execución do orzamento provincial.

1º.1. Incorporar ás subvencións nominativas recollidas na Base 49ª do orzamento provincial do exercicio 2011 as que se enumeran a continuación, ao abeiro do disposto nos apartados a) e c) do artigo 22.2. da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e nos artigos 65 a 67 do Regulamento da lei xeral de subvencións aprobado polo Real decreto 887/2006 do 21 de xuño.

APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIONADO	% FINAN.
0103/232B/481	Asoc. Colaboración e Esfuerzo ACOES	G15730542	Prevención social en nenos e mozos de grupos en situación de risco en Tegucigalpa – Honduras.	18.508,26	37.016,52	50,00
0103/232B/481	Asoc. Solidariedade Galega co Pobo Saharaí	G15924558	Vacacións en paz 2011.	12.460,00	17.800,00	70,00
0103/232B/481	Cruz Vermella Española	Q2866001G	Un curso de xestión de proxectos de cooperación internacional e outro de formación da Unidade de Resposta de Emerxencia (ERU).	17.436,00	29.060,00	60,00
0103/232B/481	Ecodesarrollo Gaia	G15507171	Mantemento da Escola Coruña.	10.000,00	20.800,00	48,08
0103/232B/481	Farmamundi	G46973715	Fortalec. da sostibilidade da rede comunitaria de medicamentos esenciais e naturais en Alta e Baja Verapaz, Quiché e Izabal, Fase II – Guatemala.	30.000,00	219.001,66	13,70
0103/232B/481	Fundación Tierra de Hombres	G80956733	Viaxe cara a vida 2011.	5.200,00	6.500,00	80,00
0103/232B/781	Ecodesarrollo Gaia	G15507171	Mobiliario e equipamento para o Centro de Jeunes Filles Coruña, en Yoff-Tonghor-Senegal.	5.000,00	7.050,00	70,92
0103/232B/781	Entreculturas - Fe y Alegría	G82409020	Mellora das infraestruturas educativas na Rexión de Guéra – Chad.	60.000,00	109.968,05	54,56
0103/232B/781	Fundación Taller de Solidariedade	G83105783	Formación para o traballo e inserción laboral de mozos e mulleres de Barrio de la Gaitana e arredores, en Bogotá – Colombia.	63.148,00	151.733,00	41,62
0103/232B/781	Solidariedade Galega	G15589500	Construción do Instituto de Liderazgo de Las Segovias, F. II – Nicaragua.	34.000,00	45.400,00	74,89

APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIONADO	% FINAN.
0103/232C/481	Fogar Galego para Anciáns de Bos Aires - Arxentina	T000000028	Gastos de funcionamento.	40.600,00	58.000,00	70,00
0103/232C/481	Fundación Galicia América	G15598873	Bolsas para estudantes do Colexio Santiago Apóstolo de Bos Aires.	50.000,00	72.500,00	68,97
0103/232C/781	Casa de Galicia de Montevideo – Uruguai	T000000039	Equipamento sanitario para a Policlínica A Coruña.	41.002,56	51.253,20	80,00
0103/232C/781	Unión de Sociedades Galegas de Uruguai	T000000043	Equipamento informático para aulas de formación.	8.575,02	10.719,00	80,00
0202/134A/624.01	Cruz Vermella Española, Asemblea Local de Cedeira	Q2866001G	Adquisición vehículo todoterreo para a Asemblea de Cedeira da Cruz Vermella.	36.000,00	36.000,00	100,00
0202/151B/762.01	Concello de Corcubión	P1502800D	Pavimentación e saneo rúa de unión Praza do Campo do Rollo – Camiño de Fontevilar.	52.734,64	101.042,05	52,19
0202/161A/762.01	Concello de Corcubión	P1502800D	Conexión definitiva do saneamento de Vilar a Quenxe.	11.205,36	11.205,36	100,00
0202/164A/762.01	Concello de Corcubión	P1502800D	Adquisición dos terreos novo cemiterio municipal.	36.060,00	36.060,00	100,00
0202/231E/762.01	Concello de Corcubión	P1502800D	Centro de Día (última achega).	100.000,00	150.863,84	66,28
0202/321A/762.01	Concello de Sada	P1507600C	Construción dun corredor aberto no CEIP Pedro Barrié de la Maza.	60.000,00	65.567,82	91,51
0202/342A/762.01	Concello de Neda	P1505600E	Obras na pista polideportiva do Roxal.	60.000,00	60.117,61	99,80
0305/169A/781	Unión Comarcal UGT A Coruña	G15383011	Arranxo edificio As Chaconeiras.	29.000,00	29.618,00	97,91
0305/172A/481	ADEGA	G15044811	Xornadas sobre custodia do territorio e valorización do monte.	15.000,00	18.750,00	80,00
0305/334A/481	FESGA	G15938632	Investigación: O sector enerxético en Galiza. Situación e perspectivas de futuro.	30.000,00	37.500,00	80,00
0305/334I/481	ACEBE C.C.A.	G15153869	II Feira comercial e empresarial de Betanzos.	30.000,00	63.070,44	47,57
0305/414A/481	Sociedade Labrega	G70241492	Plan Provincial de Aforro e Eficiencia Enerxética nas explotacións agrogandeiras.	50.000,00	62.500,00	80,00
0305/431A/481	Arteixo Centro Comercial Aberto	G15700818	Implantación da ferramenta de xestión FIDELE PETI.	40.000,00	77.880,00	51,36
0305/432A/462.01	Concello de Narón	P1505500G	Proxecto de promoción turística do concello.	15.000,00	18.750,00	80,00

APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIONADO	% FINAN.
0305/432A/481	Asoc. Empresarial Turística de Terras de Ulla e Tambre	G70214531	Proxecto oficina técnica de coordinación empresarial na comercialización e promoción da oferta turística de Ulla e Tambre.	60.000,00	75.000,00	80,00
0305/432A/481	Asoc. Prov. Empresarios Rest. e Hosp. de Santiago de Compostela	G15063613	Proxecto de desestacionalización turística o Camiño Inglés: un camiño para comelo, un camiño por descubrir.	100.000,00	125.000,00	80,00
0305/432A/481	Asociació Xarxa de Turisme Industrial de Catalunya	G64197957	Proxecto de promoción do turismo industrial na Coruña.	40.000,00	50.000,00	80,00
0305/491A/481	EMUGA	G15211790	Proxecto Radiodifusión.	30.000,00	40.000,00	75,00
0601/333A/481	Fundación Jorge Jove	G70166277	Convenio I Fase do inventario de fondos do Centro de Documentación no entorno do Museo de Automoción e Historia.	60.000,00	116.476,53	51,51
0601/333A/753.01	Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	Proxecto museográfico do Museo de Historia Natural.	200.000,00	225.300,00	88,77
0601/334A/462.01	Concello de Santiago de Compostela	P1507900G	Actividades dos centros socioculturais da zona rural de Compostela.	140.000,00	175.000,00	80,00
0601/334A/481	Asociación de Escritores en Lingua Galega	G15039936	Actividades culturais e de asesoramento na Provincia no ano 2011.	48.000,00	60.000,00	80,00
0601/334A/481	Fundación Manuel María de Estudos Galegos	G70109376	Actividades de difusión da obra e da figura de Manuel María para o ano 2011.	30.000,00	37.500,00	80,00
0601/335A/462.01	Concello de Santiago de Compostela	P1507900G	Festival de curtametraxes-curtocircuíto Auditorio de Galicia.	140.000,00	288.000,00	48,61
0601/335A/481	Asociación do Conservatorio de Música Tradicional e Folque	G36480598	Actividades para promoción e difusión da música tradicional na provincia para o ano 2011.	40.000,00	50.180,00	79,71
0601/335A/481	Federación Galega de Bandas de Música Populares	G15110893	Celebración Campus Musical 2011.	30.000,00	37.500,00	80,00
0607/334J/481	A Mesa pola Normalización Lingüística	G15154610	Correlingua e campaña sobre os dereitos lingüísticos.	80.000,00	100.000,00	80,00
0607/334J/481	Fundación Eduardo Pondal	G70262951	Convenio actividades Normalización Lingüística 2011.	50.000,00	62.500,00	80,00
0701/231E/781	A Creba Asociación Pro Saúde Mental	G15476310	Acondicionamento dun local para o centro asistencial a Creba-Barbanza.	90.000,00	119.226,46	75,49
0701/231E/781	ASPABER	G15031669	Obras reparación muro contención.	30.809,36	38.511,70	80,00
0701/231E/781	ASPADEX	G15063092	Reforma do centro ocupacional e centro de día.	59.820,70	74.775,87	80,00
0701/231E/781	ASPAMITE	G15513641	Obras no centro de día e centro ocupacional.	100.000,00	264.231,17	37,85

APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIONADO	% FINAN.
0701/231F/453.90	Universidade da Coruña	Q6550005J	Curso Os valores en tempo de crise.	15.000,00	34.658,00	43,28
0701/231F/453.90	Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	II Xornadas	2.996,00	5.113,71	58,59
0701/232A/462.01	Concello de Carballo	P1501900C	Posta en marcha do novo proxecto de servizos sociais.	17.000,00	21.500,00	80,00

**1º.2. Modificar as subvencións nominativas seguintes:**

APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIONADO	% FINAN.
0202/155A/762.01	Concello de Noia (1)	P1505800A	Obras de urbanización finca Casa do Calvario.	90.287,00	129.000,00	69,99
0202/169A/762.01	Concello de Noia (1)	P1505800A	Adquisición Casa do Calvario.	259.667,00	371.005,68	69,99
0305/172A/481	Fundación Santiago Rey Fernández Latorre (2)	G15620651	Proxecto Voz Natura 2011.	84.140,00	179.400,00	46,90
0305/334G/462.01	Concello de Camariñas (2)	P1501600I	XXI Mostra do Encaixe.	120.000,00	150.003,95	80,00
0305/334G/462.01	Concello de Malpica (2)	P1504400A	XXVIII Mostra Olería de Buño.	60.000,00	75.000,00	80,00
0305/419A/462.01	Concello de Arzúa (2)	P1500600J	VIII Feira Ecolóxica.	60.000,00	75.000,00	80,00
0305/432A/462.01	Concello da Coruña (2)	P1503000J	Plan de mellora de competitividade turística.	100.000,00	125.000,00	80,00
0305/432A/462.01	Concello de Santiago de Compostela (3)	P1507900G	Plan de competitividade turística.	350.000,00	437.500,00	80,00
0601/334A/462.01	Concello da Coruña (4)	P1503000J	Actividades Culturais 2011.	300.000,00	375.000,00	80,00
0601/334A/481	Fundación Galiza Sempre (5)	G15702913	Actividades Culturais ano 2011.	60.000,00	75.000,00	80,00

(1) Cambio do obxecto, antes "Construción edificio servizos administrativos Comarca de Noia"

(2) Inclúese presuposto subvencionado e porcentaxe.

(3) Incrementábase en 200.000,00 o importe da subvención (antes: 150.000,00).

(4) Incrementábase en 100.000,00 o importe da subvención (antes: 200.000).

**(5)** Incrementábase en 30.000,00 o importe da subvención (antes: 30.000,00).

2º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularen reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presenten reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

**41.-PRESENTACIÓN DO PROXECTO REDEXIANA 2 COMO SOLICITUDE PROVINCIAL Á CONVOCATORIA 2011 PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS DO FONDO SOCIAL EUROPEO DURANTE O PERÍODO DE INTERVENCIÓN 2007-2013, EFECTUADA POLO MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA.**

Conforme á convocatoria para a concesión de axudas con cargo ao Fondo Social Europeo, realizada por Resolución do 18 de febreiro de 2011 da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial do Ministerio de Política Territorial e Administracións Públicas, publicada no BOE nº 46 do 23.02.2011, e en cumprimento do establecido no apartado 10.3 da convocatoria, esta Comisión adopta o seguinte acordo:

1º Aprobar o proxecto REDE XIANA 2 para a súa execución no período 2011-2013 cun orzamento total de 2.500.000,00 de euros.

2º Solicitar ao Ministerio de Política Territorial e Administracións Públicas unha subvención de 2.000.000,00 de euros, cantidade correspondente ao 80% do orzamento do proxecto.

3º. Facultar á Presidencia da Deputación para a realización de cantas actuacións sexan necesarias para a presentación da devandita solicitude.

**PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE A APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DAS EDIFICACIÓNS NO ÁMBITO DO DOLMEN DO DOMBATE.**

Ao amparo do disposto no artigo 71.3 do Regulamento orgánico da Deputación e 97.3 do ROF, e considerando a urxencia da tramitación deste expediente sométese ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Vista a proposta que formula o Servizo de Arquitectura e vistos os informes do Servizo de Patrimonio e Contratación, conformado por Secretaría Xeral, e Servizo de Fiscalización, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar o proxecto REFORMADO DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DAS EDIFICACIÓNS NO ÁMBITO DO DOLMEN DE DOMBATE, CABANA DE BERGANTIÑOS (Código do reformado 09.4400.0001.1) polo seu orzamento de contrata de 2.144.762,42 euros, que representa un incremento respecto ao primitivo de 184.762,42 euros (IVE ao 16%) e de 187.947,98 euros (IVE ao 18%).

2º.- Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo CONSTRUCCIONES EN PIEDRA SIGRAS, S.L. (B15598758), as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo orzamento de adxudicación de 1.657.257,92 euros, que representa un incremento respecto ao primitivo de 142.765,92 euros (IVE ao 16%) e de 145.227,40 (IVE ao 18%)

3º.- Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 6.153,70 euros que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días, unha vez aprobada a modificación do contrato, polo tanto queda fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 71.433,53 euros.